



CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO, XI



CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO (XI)



Cartas

(a Xosé F. Filgueira Valverde, Agustín Sixto Seco, Gabriel Celaya, Miguel C. Vidal, Juan San Martín, Francisco X. Carro Rosende e Xosé M. Rodríguez Pampín)

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO

(XI)

Cartas

(a Xosé F. Filgueira Valverde, Agustín Sixto Seco, Gabriel Celaya, Miguel C. Vidal, Juan San Martín, Francisco X. Carro Rosende e Xosé M. Rodríguez Pampín)

Edición de:

Luís Alonso Girgado
Élida Abal Santorum
Alexandra Cillero Prieto

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Gargado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Coordinador científico

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura

ANXO TARRÍO VARELA

Ilustración da cuberta:

BALDO RAMOS

Colabora:



Imprime:

Grafinova, S.A.

ISBN:

978-84-453-4790-4

Depósito Legal:

C 1137-2009

ÍNDICE

<i>Limiar</i>	7
<i>Nota de edición</i>	13
<i>Cartas a:</i>	
<i>Xosé F. Filgueira Valverde</i>	17
<i>Agustín Sixto Seco</i>	43
<i>Gabriel Celaya</i>	51
<i>Miguel C. Vidal</i>	59
<i>Juan San Martín</i>	65
<i>Francisco X. Carro Rosende</i>	73
<i>Xosé M. Rodríguez Pampín</i>	79
<i>Referencia de destinatarios</i>	93

Limiar



Filgueira Valverde (esquerda) e Ramón Piñeiro (dereita) mentres fala o doutor Sixto Seco. Casa—Museo de Rosalía, 1984.

É máis que seguro que, ao longo deste 2009 e ao abeiro da designación de Ramón Piñeiro (1915-1990) para o Día das Letras Galegas, serán varios os conxuntos epistolares de don Ramón que vexan a luz. Nada de particular terá tal feito, pois el foi un incansable cultivador do xénero epistolar, aínda que non deixase de frecuentar o artigo de prensa ou o ensaio de formato breve. Nalgunha ocasión temos escoitado que deixou escritas arredor de oito mil cartas, mais ignoramos dende logo a fundamentación desa contía.

Tense dito tamén que todas as cartas de Ramón Piñeiro son “a carta” da súa autoría, quizais por ese selo común de signo positivo, de alento e de esperanza, de estimación e louvanza para calquera iniciativa ou proxecto a prol da causa de Galicia; é dicir, da Galicia que el tiña na súa cabeza, no seu pensamento, na súa estratexia de suma, de avance, de adianto, de superación de problemas e adversidades. Isto é ben visible no apartado que podemos cualificar de informativo do seu epistolario; apartado no que amosa satisfacción e ledicia polo libro publicado, polo premio conseguido, pola institución creada, polo pequeno avance expansivo da lingua, polo recoñecemento que vén de fóra, pola obtención de cátedras por figuras representativas do galeguismo, polas presenzaas na prensa... sempre que represente algo estimable para a causa galeguista e para os seus; en definitiva, para a mellora da difícil panorámica lingüística e cultural da Galicia que vai da posguerra ata a transición democrática.

Diferente —e non só (que tamén) pola súa moito máis longa extensión— é o apartado epistolar de concienciación ou adoutrinamento, de exposición dos fundamentos identitarios de Galicia a través da literatura, a paisaxe, o pensamento, a

mentalidade popular e social ou a arte galega. Velaquí un apartado que constitúe un exercicio de docencia, de intención proselitista e de defensa dun modo de ver o camiño e o futuro do país, que Ramón Piñeiro espallou con fonda convicción nos seus máis densos e perdurables envíos epistolares.

A partir de aquí, guiaremos ao lector, sen ningún tipo de aclaracións ou explicacións (en todo caso redundantes), polas cuestións puntuais tratadas nas cartas e que atinxen sobre todo a feitos concretos e, en moita menor medida, a situacións persoais.

Así, cando escribe a Filgueira Valverde, dende o respectuoso distanciamento do “vostede”, son temas de referencia: a máis que problemática situación persoal e profesional do mesmo Piñeiro e, conxuntamente, feitos como a creación do Instituto P. Sarmiento (1943); a solicitude da Sección de Filoloxía Románica e da cátedra de Lingua e Literatura galego-portuguesa para a Universidade de Santiago; as vacantes a cubrir na Real Academia Española da lingua; a Exposición de pintura galega en Lugo; os premios e éxitos profesionais de Otero Pedrayo, Carballo Calero, Antonio Fraguas e o mesmo Filgueira Valverde; a rodaxe cinematográfica da *Sonata de Otoño*, de Valle-Inclán; a publicación dunha escolma de poesía galega en París; a inqueda pola situación de Aníbal Otero, etc. Este *corpus* epistolar vai de 1944 a 1960.

Quede aquí constancia de que no Arquivo Filgueira Valverde, no que se está a traballar, deben quedar mostras posteriores desta correspondencia epistolar; mostras que tentaremos dar á luz cando remate o rexistro do referido Arquivo no Museo de Pontevedra.

As cinco cartas a Agustín Sixto Seco, datadas entre os anos 1975-1989, refírense, por unha parte, aos quebrantos da saúde de Piñeiro e á xenerosa intervención do doutor a tal respecto. E tamén, a circunstancias do galeguismo na encru-

cillada dos anos da transición nos intres electorais. Xerardo Fernández Albor, Marino Dónega, Fermín Penzol, José L. Meilán Gil, Otero Pedrayo ou Castelao son referentes nestas cartas, non exentas dalgunha confidencialidade na estratexia política, como evidencia a alusión ao “amigo de Meis” non sen certa ironía. Non se agochan algunhas contrariedades do doutor en actos e situacións da actividade galeguista onde eran frecuentes certas filias e fobias que provocaban enfrontamentos individuais ou de grupos.

As catro cartas ao poeta Gabriel Celaya, que tivo sona como poeta social nos anos cincuenta do pasado século, son escritos de recepción de títulos do escritor vasco como *Tentativas* (1946), primeira obra reveladora do autor, seguida de *Lázaro calla*, *Coser y cantar* e *Cantata en Aleixandre*. De *Tentativas* lembra Piñeiro que chegou a el “a través de muros y de hierros”, en referencia á súa etapa no cárcere. Son de interese as observacións que caracterizan o ambiente de censura e represión daqueles anos corenta e cincuenta da posguerra.

Polo que atinxe ás dúas cartas a Miguel C. Vidal, dan conta clara, unha vez máis, do xeneroso apoio de Piñeiro a unha iniciativa cultural galeguista, a revista *Aturuxo*, que contou con ampla colaboración de Carballo Calero e Díaz Pardo. Acertou o autor das cartas ao vaticinar que Miguel C. Vidal volvería escribir sobre a lírica de Pimentel, pois en 2009 aparecerá un libro con dous traballos da súa autoría arredor do poeta de *Triscos*. A solicitude de traballos de novos poetas galegos, con particular mención de X. L. Méndez Ferrín, acredita o interese do director de *Aturuxo* polas voces galegas que xurdían nos anos sesenta do pasado século.

A misiva dirixida a Juan San Martín está centrada nunha cuestión clave na doutrina galeguista de Ramón Piñeiro: a lingua. A consideración do uso do galego pasa aquí polas coordenadas do seu emprego nos textos litúrxicos (Piñeiro celebra

a consecución desa meta) e do bilingüismo (unha situación aínda puramente teórica, unha meta a alcanzar). A carta previa de Juan San Martín, que tamén reproducimos, está igualmente determinada polo feito lingüístico.

No que respecta ás cartas dirixidas a Francisco X. Carro, o asunto central é, unha vez máis, a publicación dun novo libro de Galaxia, feito no que Piñeiro tería responsabilidade directa. O libro é *As calexas do zigurath* (datado precisamente en 1973, ano da carta de Piñeiro), colección de relatos coa que Francisco X. Carro se incorpora ao ámbito da nova narrativa galega, xa daquela consolidado como movemento innovador da nosa prosa literaria de posguerra.

A carta dirixida a Xosé Manuel Rodríguez Pampín expresa a afectuosa cortesía do lector que foi Ramón Piñeiro, que tamén foi editor do teatro de Rodríguez Pampín na súa Galaxia, concretamente na revista *Grial*. Deberon cruzarse, sen dúbida, máis cartas entre un e outro. En todo caso non desaproveitaremos a que, datada o día 21-II-1975, chegou ata nós a través de Andrés Torres Queiruga e Ramón López Vázquez, pouco despois da morte do sacerdote e galeguista melidense, entre os seus papeis inéditos. Trátase dunha longa misiva que no título quere imitar algunha do propio Piñeiro e que se escribe dende Canto Blanco, en Madrid, promovida pola lectura de *Olladas no futuro* (1974) de Ramón Piñeiro. Entendemos que esta carta de Rodríguez Pampín é importante e significativa de seu, ateigada de cordialidade e afecto para o seu destinatario e mestre. Percorre esta carta, escrita en dous tempos, con algo de lería e moito de confesión íntima, unha ollada á atmosfera dos anos en que está escrita; ollada chea de profundidade de pensamento, de sensibilidade e de capacidade interpretativa de lecturas transcendentais. E, dende logo, de entusiasta militancia galeguista.

Nota de edición



Na Casa—Museo de Rosalía (1990). Sixto Seco, Manuel Beiras e Ramón Piñeiro.

Este conxunto de cartas (algo máis de trinta), non todas de Ramón Piñeiro, pois algunhas repostas dos destinatarios figuran tamén, é o terceiro que publica o Centro Ramón Piñeiro na colección de *Cadernos*, que rende homenaxe a don Ramón Piñeiro (1915-1990) ao levar o seu nome. As cartas, de destinatario plural, chegaron ata nós directamente co correspondente permiso dos seus receptores (familiares ou amigos autorizados), aos que agradeecemos a súa xenerosa confianza.

No caso das cartas a Xosé F. Filgueira Valverde, o noso agradecemento ao Museo de Pontevedra, onde están depositados os orixinais das cartas a carón doutros documentos persoais –todo integrado no Arquivo Filgueira Valverde, pertencente á Fundación do mesmo nome– de quen foi durante moitos anos director e *alma mater* do Museo pontevedrés. Grazas, en fin, a Xosé Carlos Valle Pérez, director actual do Museo; a Ana M^a Barbazán Iglesias, directora da Biblioteca e a María Xesús Fortes Alén, encargada do Arquivo Filgueira Valverde. E igualmente ao doutor Fernando Filgueira Iglesias, fillo de don Xosé Fernando Filgueira Valverde.

As cartas –cinco en total– do doutor D. Agustín Sixto Seco fóronnos entregadas por el mesmo pouco antes de morrer. E con elas as fotografías, nas que está sempre na compañía de Ramón Piñeiro e que agora utilizamos para ilustrar estas páxinas. Non desaproveitaremos a ocasión de deixar clara constancia do afecto que don Agustín manifestou sempre por este Centro Ramón Piñeiro, xa dende primeira hora e cando os ventos eran, en xeral, pouco ou nada favorables. Recibía como propias, con afervorado

entusiasmo, as publicacións que se ían presentando no Centro.

Non remataremos esta nota sen reiterar que o noso criterio de edición destas cartas —como doutras que publicamos en anteriores entregas nestes mesmos *Cadernos*— baséase na transcripción absoluta e radicalmente respectuosa dos orixinais, reproducidos polo tanto tal e como se escribiron (manuscritos ou mecanoscritos) polo propio autor, Ramón Piñeiro, ou por algúns dos receptores das súas cartas.

Mais, sendo respectuosos coa legalidade vixente no que atinxe aos dereitos das persoas no terreo da súa intimidade ou privacidade, engadimos aquí a seguinte ADVERTENCIA: a carta, como canle de intercomunicación de dúas persoas, posúe con frecuencia un alto grao de privacidade ou intimidade, polo que pode haber ás veces alusións a terceiras persoas cos seguintes prexuizos para elas. De acordo coas leis vixentes nesta materia, nesta edición, se fose necesario ou prudente, suprimiremos, co signo gráfico [...], calquera parágrafo ofensivo ou inconvinte que poida conlevar danos morais a terceiras persoas por desconsideración ao seu dereito á intimidade.

**Cartas a / de
XOSÉ F. FILGUEIRA VALVERDE**

“... el esquema de mi situación actual se reduce a una lucha poco venturosa de mi vocación y aspiraciones contra el obstáculo doble de la salud y la falta de medios económicos. Este último factor es para mí el peor porque me tiene más acorralado.

Durante todo este tiempo he hablado con bastantes personas de las que habían compartido inquietudes comunes. Casi puede decirse que la impresión predominante es la de desorientación.”

(R. P.)



1984
15. Vuelta al PTE PUKO,
oficial, a Santia.

PINEIRO
RIVAS BONTAN
PUK
SIXTO
FRAGUAS

I

Lugo, 5 de Enero de 1.944

Mi querido amigo:

Hace días he leído en los periódicos el discurso del Ministro de Educación Nacional exponiendo la labor del Consejo Superior de Investigaciones Científicas y me sorprendió mucho el encontrar mencionado, entre otras nuevas dependencias creadas, un Instituto de estudios gallegos (el Instituto P. Sarmiento). La noticia me produjo una gran alegría porque me figuré que este Instituto no sería sino una adaptación del antiguo Seminario de Estudios Gallegos a las nuevas circunstancias, en cuyo caso quedaría definitivamente asegurada la continuidad de aquella labor cultural, que era la cosa más seria —quizá la única cosa seria— que se hacía ultimamente en Galicia.

Yo sospecho que su iniciativa personal no será ajena a esta resurrección del Seminario, caso de que se trate efectivamente de una resurrección. Esta suposición es la que me ha movido a escribirle en solicitud de noticias sobre el valor y alcance de este Instituto P. Sarmiento. ¿Tendrá Vd. la amabilidad de comunicarme los datos de interés que tenga sobre el particular?

También he leído anteriormente la noticia de la edición del Cancionero Sampedro¹. La participación que Vd. ha tenido en esta edición merece la gratitud de todos nosotros porque constituye la aportación más positiva y valiosa que recibió la cultura gallega durante estos años.

¿Tardará mucho en presentarse una ocasión propicia para la edición de los Cancioneros?

Reciba un fuerte abrazo de su amigo.

Ramón Piñeiro

D/ San Roque, 48-2º Lugo

* * *

¹ O *Cancionero Musical*, de don Casto Sampedro y Folgar (Redondela, 1848 – Pontevedra, 1937), erudito, avogado e musicólogo, foi levado adiante por don Casto, xa dende 1884, mais co paso dos anos contou coas contribucións de F. Pedrell, Marcial Valladares, Xoán Montes, Curros Enríquez, Lens, Tafall e, sobre todo, V. Said Armesto. Filgueira Valverde remataba o labor en 1942. Chaman a atención os alalás, cantos de arrieiro, romances, muiñeiras e cancións relixiosas no apartado dos cantos. En 1983 reeditou a obra completa a Fundación Barrié de la Maza.

II

Contestación

Sr. Don

Ramón Piñeiro

San Roque 48-2º

Lugo

Querido Piñeiriño:

Me alegra muchísimo recibir tu carta. En efecto el Instituto P. Sarmiento que dirigirá Sanchez Cantón² vendrá a recoger y, en lo posible, proseguir la tarea del Seminario. No es una resurrección. Para resucitar necesitaría tener los mismos cuerpos y la misma alma. Pero nos daremos por satisfechos con que no se pierda todo lo hecho [y] se prosiga algo.

Dime a qué te dedicas y que proyectos.

Recibe un fuerte abrazo de

* * *

² **Francisco Javier Sánchez Cantón** (Pontevedra, 1891—1971). Doutor en Filosofía e Letras pola Universidade de Madrid, durante a carreira faise cargo, como interino, da cátedra de Literatura Galaico-Portuguesa. En 1913 comeza a colaborar no Centro de Estudos Históricos e despois incorpórase ao Museo do Prado, do que chegará a ser Subdirector en 1922 e Director en 1960. Pertenceu como membro numerario ás Reais Academias de Belas Artes (1925), da Historia (1934) e Española (1949). Colaborou en distintas actividades da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra e Música en Compostela e foi un dos que editaron o álbum *Nós*. Tamén foi padroeiro fundador e director do Museo de Pontevedra (1927) e asesor para a Casa da Unesco de París. Xunto con varios membros do xa desaparecido Seminario de Estudos Galegos (Pedret, Otero Pedrayo, Risco, Bouza Brey, Chamoso, Moralejo, Filgueira, etc.) crea o Instituto P. Sarmiento (1943), que dirixe ata a súa morte. Como escritor deixounos un legado de máis de oitocentos títulos de moi variado asunto. Parte deste conxunto bibliográfico está dedicado a Galicia, a temas pontevedreses, aos pazos, á condesa Pardo Bazán, aos grandes edificios relixiosos (mosteiros, catedrais), a cuestións históricas e de heráldica, así como biografías e ata estudos sobre poetas como Antonio F. de Castro, texto, este último, lido na súa entrada na R. A. E.

III

Lugo, 11 - Enero - 1.944

S. D. José Filgueira
Pontevedra

Mi querido amigo:

Recibí su carta y por ella me enteré de lo que hay acerca del Instituto P. Sarmiento. Aunque no se trata de un intento tan optimista como yo me había figurado no cabe duda que ese Instituto puede patrocinar iniciativas valiosas y obras de bastante empeño, pues al menos contará con las necesarias facilidades y recursos de carácter oficial. Claro que la abundancia de medios sirve de poco si no está animada por el aliento cálido del entusiasmo, que muchas veces puede suplirlos, como ocurría en el caso del Seminario.

Desde la última vez que hablamos me consagré casi exclusivamente al estudio y a vigilar la salud. Cursé dos años en Santiago y me trasladé despues a Madrid para seguir los estudios en la Sección de Filosofía. Allí traté a G. Morente³ y a Zaragüeta⁴ (este es el que sustituye a

³ **Manuel García Morente** (1886 – 1942). Catedrático de Filosofía da Universidade Central, sacerdote e defensor da filosofía de valores e do pensamento neokantiano.

⁴ **Juan Zaragüeta y Bengoechea** (1883 – 1974). Sacerdote, filósofo e pedagogo, así mesmo catedrático da Universidade de Madrid. Autor dun *Curso de Filosofía* (1968) onde interpreta o pensamento tomista. Ao igual que Morente, foi contemporáneo de Ortega y Gasset.

Ortega en la cátedra de Metafísica). Este último curso hubiera terminado –intentado terminar por lo menos– de no haberme visto forzado a interrumpirlo a causa de una aguda dolencia digestiva que me obligó a un régimen temporal de vida que no podía seguir allá. Ahora, en cambio, me encuentro bastante bien de salud pero no pude ir a Madrid por estar sometido a duras limitaciones económicas. Cuando fui allí llevaba la esperanza de resolverlas logrando un empleo que fuese compatible con los estudios y que me permitiese prolongar lo necesario la permanencia en Madrid. Tuve poca suerte y no lo encontré.

Como ve, el esquema de mi situación actual se reduce a una lucha poco venturosa de mi vocación y aspiraciones contra el obstáculo doble de la salud y la falta de medios económicos. Este último factor es para mí el peor porque me tiene más acorralado.

Durante todo este tiempo he hablado con bastantes personas de las que habían compartido inquietudes comunes. Casi puede decirse que la impresión predominante es la de desorientación.

Le envía un fuerte abrazo su amigo

R. Piñeiro

* * *

IV

Contestación

Sr. Don R. Piñeiro

Querido Piñeiro:

Espero uno de estos días a Sanchez Cantón y hablemos de ti. ¡Si pudiesemos lograr que volvieses a Madrid! Supongo que la estancia en Lugo te habrá permitido seguir trabajando. ¿Intentarás hacer algo por enseñanza libre? No te desanimes: “poucas son as malas fadas”. Cuidate, no abandones los libros y... ya veremos como puede arreglarse eso.

¿Traías entre manos algún estudio de tema gallego o que se le aproximase? ¿En qué te especializabas? ¿Podrían llevarte de becario a alguna sección del Consejo de Investigaciones? ¿Intentaste ayuda de algún amigo en Madrid, Gil⁵, por ejemplo? Y perdona el interrogatorio.

⁵ O aludido ten que ser o lugués **Álvaro Gil Varela** (1905 – 1980), que en anos mozos participou na aventura vangardista de *Ronsel* (1924) e foi amigo de E. Correa Calderón e Álvaro Cebreiro. Posteriormente fíxose Enxeñeiro de Montes e aínda realizou outros estudos en Alemaña. Nos anos trinta militou no galeguismo ao carón de Filgueira Valverde, A. Bóveda, Castelao, etc. e foi secretario político do Partido Galeguista. Represaliado na posguerra, pasou un tempo no cárcere. En Madrid ou en Galicia desenvolveu posteriormente unha importante carreira como empresario, compatibilizándoa cun xeneroso mecenádego cultural do que se beneficiaron persoas e entidades galegas. Cofundador de Galaxia e Académico de Honra da Real Academia Galega, contribuíu, xunto cos irmáns Fernández López, á ampliación do Museo de Lugo. En 1974 recibiu o Pedrón de Ouro. Tivo unha valiosa pinacoteca que cedeu en boa parte a varias institucións culturais galegas.

No te amilanes. Sabes demasiado bien que tus dificultades son de las que mejor se salvan, si no son condición previa para salvarse.

Un fuerte abrazo de

P. D. Que es de Aníbal Otero⁶. ¿Por dónde anda y qué hace?

* * *

⁶ **Aníbal Otero Álvarez** (Barcia, Ribeira de Piquín, Lugo, 1911—1974). Na Facultade de Filosofía e Letras de Madrid coñece a Menéndez Pidal e Navarro Tomás, que o inclúen nos traballos de configuración do Atlas Lingüístico de la Península Ibérica. En 1936, as autoridade portuguesas entrégano en Tui e, como non puido demostrar que as transcricións fonéticas que posuía non eran un código político secreto, foi condenado a prisión ata 1941. En 1953 retoma as investigacións lingüísticas en Portugal, acompañado polo filólogo portugués L. F. Lindley Cintra. Tamén contribuíu ao estudo do galego con traballos como *Contribución al diccionario gallego* (1967), *Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués* (24 entregas, de 1949 a 1971), *Contribución al léxico gallego y asturiano* (10 entregas, de 1953 a 1964) ou *Irregularidades verbales del gallego* (1952). Así mesmo, publicou algúns poemas nas revistas da época (*Nós ou Guión*), pero a maioría quedaron inéditos, ao igual que a novela *Daidiña* que escribiu no cárcere. Recolleu, antes de 1936, unha boa colección de romances galegos que despois foron publicados nas páxinas de *Guión*. Foi elixido membro numerario da Real Academia Galega en 1964 e, despois da súa morte, a revista *Verba* dedícalle o seu número 2 (1975).

V

Lugo, 6-3-44

Querido Filgueira:

Recibí su cariñosa carta que trajo a mi ánimo deprimido por las dificultades y la soledad la inesperada alegría de un rayo de esperanza. Gracias, querido amigo, por su aliento fraternal y por su interés en ayudarme.

La especialidad en que yo trabajo es la de Filosofía, concretamente la filosofía aristotélico-tomista o “*Philosophia perennis*” porque así lo impone la actual orientación universitaria (al menos en Madrid).

Los trabajos de investigación que tuve entre manos durante mi permanencia en Madrid estaban determinados por las exigencias académicas, lo que me obligó a ocuparme de un tema de la filosofía antigua. Muchas veces pensé en la posibilidad de encontrar temas gallegos que tengan relación con una especialidad tan orientada a lo abstracto y universal como la Filosofía. Por ahora solo se me ocurren estos tres caminos:

Hacer algún estudio sobre una figura gallega que tenga importancia y significación filosóficas. Podía ser, por ejemplo, Amor Ruibal⁷.

⁷ **Ángel M^a Amor Ruibal** (San Breixo de Barro, Caldas de Reis, Pontevedra, 1869—Santiago de Compostela, 1930). Fíxose sacerdote en 1894, ampliou logo estudos na Universidade Gregoriana de Roma. Aos vinte e sete anos dirixía a Cátedra de Linguas Bíblicas da Universidade de Santiago, desempeñou despois a de Dereito Canónico e aínda a de Linguas Orientais da mesma Universidade.

Hacer algún trabajo de psicología experimental sobre un problema típico de Galicia.

Hacer algún trabajo de tipo filosófico-culturalista sobre cualquier tema de la historia de Galicia.

No inicié ni elegí todavía ninguno porque cualquiera de ellos exigiría disponer de medios y condiciones que yo no tengo a mi alcance.

Estando en Madrid tuve ocasión de ver a Gil, que está perfectamente adaptado a su nueva situación de opulencia económica. También adquirió una singular habilidad para prodigar protecciones “verbales”. Se queja tanto de los sacrificios que le cuesta la protección a antiguas personas afines y de la frecuencia con que todos acuden a él que paraliza de antemano cualquier intento en ese sentido.

En el tiempo que llevo aquí no abandoné los libros y fui trabajando de acuerdo con la tolerancia de la salud. Dentro de unos días me operarán de unas cataratas congé-

Cóengo da catedral compostelá, pertenceu á Real Academia Española e á de Ciencias Morais e Políticas. En 1925 foi nomeado polo Papa como teólogo para unha comisión de doutrina patrística e sobre o estudo publicou, póstumos, algúns escritos en *Compostellanum* (1956—1958). A súa doutrina filosófica tenta superar a dualidade platonismo-aristotelismo, aínda mantendo a distinción materia-espírito. O seu pensamento filosófico e teolóxico foi ignorado no seu tempo e só valorado moito despois do seu pasamento.

Colaborador de prensa nas páxinas de *Galicia* (A Coruña), *Logos* (Pontevedra), *Centro Gallego* (Montevideo) ou *Faro de Vigo*, publicou numerosos traballos no ámbito eclesiástico de temática bíblica, xurídica, canónica ou teolóxica. Interesado na Lingüística, publicou comentarios, traducións e recensións de importantes obras. Nos anos 1904—1905 saen á luz os dous volumes de *Los problemas fundamentales de la Filología Comparada*. Dixo ter preparado un dicionario etimolóxico galego que non se editou. O seu interese pola lingua consta en traballos publicados en *Grial* ("La lengua gallega y su léxico etimológico", 1969). Con carácter póstumo, o C.S.I.C. publicou, a partir de 1972, a súa obra completa en edición da responsabilidade de Saturnino Casas Blanco, que xa en 1964 daba a coñecer *Cuatro Manuscritos Inéditos de Amor Ruibal*.

nitás que han constituido un embarazoso obstáculo para mi por estorbarme penosamente la lectura. Si se elimina esta dificultad y si tuviese la suerte de poder reanudar la labor universitaria sería para mí un verdadero renacer.

Una vez licenciado lo mejor para mí sería poder trabajar en el Consejo (como becario del Instituto Luis Vives) pues allí es donde realmente se completa la formación filosófica iniciada en la Universidad y en donde, además de eso, se preparan las cátedras.

Aníbal Otero pasó por Lugo hace aproximadamente dos meses. Iba a Madrid llamado por Menéndez Pidal para proseguir los trabajos a que se dedicaba el 36, es decir, la confección del Mapa fonético que preparaba el Centro de Estudios Históricos.

Espera con impaciencia sus noticias, le profesa sincera gratitud y le envía un fuerte abrazo

R. Piñeiro

* * *

VI

Lugo, 17-1-1.950

Meu querido amigo:

Recibín oportunamente a fermosa e delicada felicitación do Museo de Pontevedra, que me trouxo ó acordo a lembranza de outra que recibín aló pol-os comenzos do 46 cando emprendía un viaxe ás Galias. Por ise poder evoca-

tivo, a felicitación que recibín fai días prodúxome emocións porque me fixo a sensación da pomba co gallo de oliveira⁸. Vai renacendo pra min a plenitude do mundo galicián, cousa que sempre da folgos.

Certo que istes días todos estamos doídos por unha perda verdadeiramente esencial dentro do noso orbe galego. O bó Daniel⁹ foise pra sempre, consumido ate o fin por ise sino tráxico que envolveu a súa vida toda e que alam-pou a súa fe galega.

Pol-as informacións dos xornaes xa estou enterado da laboura de “Bibliófilos”, tanto no orde das publicacións como no dos concursos. Eu temía que a iste primeiro concurso non acudise ningunha novela escrita en lingua galega, pro xa me dixo o Carballo Calero que él tiña enviado unha. Menos mal, porque a ausencia total de orixinaes galegos sería un fracaso para as nosas letras. Istes concursos de “Bibliófilos”, tanto pol-a importancia dos premios como pol-a seriedade que aspiran a ter, poden xogar un papel de gran eficacia no noso rexurdimento cultural.

Eu estou agardando á primaveira pra someterme a unha operación que me devolva a aptitude visual. Como me operarán en Vigo, despois da operación aproveitarei a ocasión pra lle facer unha nova visita ó Museo de Pontevedra.

⁸ Referencia bíblica (*Xénese*, VIII – 11) á fin do diluvio universal. Noé envía dende a arca (e por segunda vez) unha pomba que agora retorna: “Ó serán volveu entrar cunha folla de oliveira no peteiro”. Trátase dun simil expresivo dunha emoción leda e esperanzadora, dun renacer vital luminoso. Vx. *A Biblia*, Vigo: Sept, 1992, p. 15.

⁹ Refírese á morte de **Castelao** (aludido como “o Daniel”), que tivo lugar o día 7 de xaneiro de 1950 en Bos Aires, entre o obrigado silencio ou as escuetas notas necrolóxicas da prensa galega e da española en xeral.

Por si lles intresa a noticia ós filólogos do P. Sarmiento voulle a comunicar que o profesor Holmer da Universidade de Lund (Suecia), que é un especialista en filoloxía celta, atópase estes días nas Vascongadas, a onde veu pra estudar o euskera. A mín informoume un filólogo vasco que é membro do “Instituto de Estudios Prerrománicos”.

Dixéronme que pensan crear a cátedra de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa na Universidade de Santiago, en cuio caso coido que vostede non terá posible rival pra ocupala. Sería unha gran cousa, pois vostede e Otero (si vai pra Santiago) poderían vivificar un pouco a nosa Facultade de Filosofía.

Unha forte aperta do seu amigo

R. Piñeiro

* * *

VII

Lugo, 20-4-1.950

Meu querido amigo:

No xornal “La Noche” lin a noticia de que foi premiado o seu traballo encol da lírica galaico-portuguesa co “Premio Antonio de Nebrija”. A noticia causoume moita ledicia, non soio pol-o que ten de xusto reconecemento dos méritos persoales sinon tamén pol-a súa gran importancia ouxetiva dentro dise esforzo común de revalorización da nosa cultura. Despois do trunfo espréndido de Otero, o trunfo de Filgueira no “Consejo Superior de Investigaciones

Científicas”. Dous pasos bos para o noso prestixio cultural. ¡Que lástima que non se xunten na Universidade de Santiago istes dous homes, que son, sin dúbida, os dous meirandes prestixios académicos que temos hoxe!

Xa soupen que na Misión Bioloxica engaiolou ós membros do Patronato con unha fermosa e oportuna charla chea de inqueda galega. Por iso e mais pol-o do “Premio Nebrija” a miña cordial felicitación.

Unha forte aperta do seu amigo

R. Piñeiro

* * *

VIII

Contestación

Patronato del Museo de Pontevedra

Sr. D. Ramón Piñeiro

Lugo

13 de mayo de 1950

Querido Piñeiro:

Recibín con ledicia a tua carta do vinte de abril, pero levo unha tempada de tantos trafegos que estou faltando aos mellores amigos.

Moitas gracias. De certo foron uns días ledos: o éxito de Fraguas¹⁰, o trunfo de Otero, o que poida haber de bó pra todo no meu premio...

Falei de tí co Presidente no xuntoiro, ledos e prometedor, da Misión.

Lembranzas aos amigos.

Unha forte aperta

José Filgueira

* * *

IX

Lugo, 30-12-1.950

Meu querido amigo:

Recibín a fermosa felicitación do Museo de Pontevedra, tan fidalguiña coma sempre adoita.

Tamén eu, querido amigo, lle desexo de todo corazón un novo ano ventureiro e froitoso.

Según os informes que me deu Alvaro Gil fai uns días, pode ser que vostede nos veña a ver ben axiña. Díxome que nos primeiros días de xaneiro virían vostede e Sánchez

¹⁰ De acordo co ano da carta, ten que referirse ao éxito de don **Antonio Fraguas Fraguas** na oposición a cátedras de Xeografía e Historia de Ensino Medio que gañou nese 1950, ocupando a praza do Instituto de Lugo ata 1959, cando se traslada ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago, onde exerce ata a súa xubilación en 1975. En 1951 foi elixido membro da R. A. G., na que ocupa a vacante de Castelao, que morrera a comezos de 1950. Entre 1943 e 1950 foi encargado de cátedra na Universidade de Santiago.

Cantón acompañando a Gómez Román¹¹ pra ver “in situ” os planos do futuro Museo de Lugo. Por certo que é unha das cousas milliores do gran arquitecto vigués. As obras escomenzarán dentro de quince días.

Tratei de pescudar o posibel destiño da biblioteca do difunto Cotarelo¹², mais pol-o de agora non queda marxe de esperanza a prol da recuperación da parte galega porque o Dr. Eijo Garay¹³ anda en xestións co-a familia pra conquistar que vaia ó Consello Superior de I. Científicas a totalidade da biblioteca.

¹¹ **Manuel Gómez Román** (Vigo, 1876—1964). Fillo de arquitecto e arquitecto e galeguista moi activo el mesmo, estudou na Escola de Arquitectura de Madrid, onde foi alumno de Antonio Palacios, sen rematar a carreira. Viaxou por Europa e Arxentina. Exerce como profesor de Debuxo e, en 1927, remata finalmente os estudos de arquitecto. Estuda o contexto histórico da arte monumental galega, a súa tradición e publica varios traballos ao respecto, ao tempo que expón as súas ideas sobre conceptos arquitectónicos. Ao longo da súa vida constrúe máis de dúas mil obras, moitas delas en Vigo e arredores. En Lugo dirixiu as do Museo Provincial, como di Ramón Piñeiro nesta carta. No terreo ideolóxico-político e cultural, na órbita galeguista, foi o primeiro secretario xeral do Partido Galeguista, interveu na campaña pro-Estatuto en 1936, ocupou o posto de vicepresidente da Editorial Galaxia e desempeñou tamén o labor de vogal do Padroado da Fundación Penzol, de Vigo.

¹² **Armando Cotarelo Valledor** (Vegadeo, 1879—Madrid, 1950). Fundador e presidente do Seminario de Estudos Galegos. Membro numerario da Real Academia Española. Catedrático de Lingua e Literatura españolas na Universidade de Santiago de Compostela. Presidente, en Santiago, do Ateneo León XIII. Catedrático de Filoloxía galego-portuguesa na Universidade Central de Madrid. Colaborador de *Nós*, *Boletín da Real Academia Galega*, *El Compostelano*, *Faro de Vigo* ou *Diario de Galicia*. Salientan os seus estudos e edicións dos cancioneros medievais galego-portugueses xunto cunha importante obra teatral na que *Trebón* (1922), *Lubicán* (1924), *Hostia* (1926), *Beiramar* (1931) e *Mourenza* (1932) son títulos fundamentais.

¹³ **Leopoldo Eijo Garay** (Vigo, 1878—1963). Sacerdote doutorado en Filosofía, Teoloxía e Dereito Canónico pola Universidade de Roma. Foi nomeado bispo de Tui en 1914 e de Vitoria en 1917 e dirixiu a diocese de Madrid-Alcalá entre 1923 e 1963. Creou a Obra Diocesana de los Suburbios, o Secretariado de Misiones, o seminario de Alcalá de Henares e numerosas institucións e centros de formación para o clero. Publicou discursos, conferencias e cartas pastorais. Foi presidente do Instituto de España entre 1942 e 1963, director do Consello Superior de Investigacións Científicas e membro da Real Academia de la Lengua (1927), da Academia de Ciencias Morales y Políticas (1935), da Real Academia Galega e da Academia de Buenas Letras de Sevilla.

Por certo que a morte de Cotarelo prantéxanos un problema que non se debía de desbotar: a súa substitución na Academia Española. Il deixou tres vacantes: a Segredaría do Instituto de España, que o bispo Eijo xa se encarregará de cobrir ó seu gosto; a vacante na Academia de Historia, que a cobrirán con algún catedrático da Central, i-a vacante na Academia da Lengua, que nós debiamos de facer por ocupar con un dos nosos. Inda que o carater orixinario da elección de Cotarelo e Cabanillas¹⁴ para a Academia foi posteriormente anulado, sería do meirande intrés que ises dous postos recaesen sempre en xentes representativas da nosa cultura, tanto porque o feito imprecaría un recoñecemento académico da nosa persoalidade cultural coma polo intrés que pra nós ten o contar con algunha autoridade académica dentro da nosa vida cultural, que non se pode desenvolver totalmente ó marxe das relacións oficiás. Eu coido que isas plazas, a de Cotarelo agora i-a de Cabanillas no seu día, deberían ser ocupadas por Otero Pedrayo e por Filgueira Valverde, que son dúas persoalidás máisimas, cada unha na súa esfera, da nosa cultura aitual. Ben sei que non é cousa doada o conquerilo, mais a dificultade non pode ser unha razón decisiva para unha renuncia inicial. Unha xestión feita con habilidade e tino galaicos podía dar bos resultados. Dende logo que sería comenente que a iniciativa a tomasen académicos “non galegos” e do meirande prestixio. Por exemplo, Maraño e Dámaso Alonso poderían ser moi proveitosos.

En fin, si nos vemos dentro de poucos días xa falaremos do asunto.

¹⁴ Hai nestas cartas referencias onomásticas que non necesitan precisión nin comentario ningún; o contrario sería case ofensivo para o lector, que ademais hoxe ten ao seu dispor unha ampla bibliografía de consulta a este respecto. Así acontece coas alusións a Manuel María, Méndez Ferrín, Otero Pedrayo, Curros, o doutor Gregorio Maraño, Dámaso Alonso, Pimentel, Menéndez Pidal e outros.

Un garimoso saúdo do seu decote amigo

R. Piñeiro

* * *

X

Vigo, 11-2-1.951

Meu querido amigo:

O xoves teño mentes de ir a Pontevedra e pasar ahí a tarde. Tamén irá Paco¹⁵, que ten que facer ahí algunhas xestións e aproveita a ocasión pra irmos xuntos. Farei por atopalo e así charlaremos de “Galaxia”.

Unha aperta do seu amigo

R. Piñeiro

* * *

¹⁵ Refírese a **Francisco Fernández del Riego** que, efectivamente, en 1977 ingresou (ao carón de Díaz Pardo, Celso E. Ferreiro, Ramón Piñeiro e Valentín Paz Andrade) nunha candidatura conxunta, galeguista, ao Senado. O único que saíu elixido foi Paz Andrade, precisamente como representante da provincia de Pontevedra.

XI

Lugo, 6-3-1.951

Meu querido amigo:

Hoxe mesmo entereime de que a Facultade de Filosofía de Santiago tomou onte o acordo de solicitar da Superioridade a creación da Seición de Filoloxía Románica, incluíndo unha cátedra de “Língua e Literatura galaico-portuguesa”. Si se aproba a proposta, e compre facer canto seña posíbel pra que se aprove, teremos dado un paso importantísimo a favor da valoración oficial da nosa cultura. Pode significar o comenzo de un rexurdir moito máis firme, pois a consagración oficial da nosa cultura abre unha etapa de estabilidade e de continuidade que non se pode acadar cando a vida cultural está unicamente avencellada ós vaivéns azarosos das ideoloxías militantes. Agora que unha das nosas aspiracións ideás semella facerse realidade, sinte un a tentación de lle dar mentalmente unha configuración idónea, situando alí unhas cantas figuras prestixiosas das nosas letras. E n-iste soño de nos sentire orgaizadores libérrimos da Seición de Filoloxía Románica na Universidade galega, o primeiro titular da cátedra de Língua e Literatura Galaico-portuguesa é inevitabelmente o Dr. Filgueira. Xa veremos si é verdade que os soños se cumpren. Ninguén se folgaría máis.

Na semán vindeira irei pra Santiago e pasarei por aló bastante tempo. Como cadra perto, irei algunha vez por Pontevedra. Ben me gustaría ter oportunidade e vagar pra

discutir con rigor sistemático as teorías que encol dos problemas lingüísticos peninsulares sostén a escola de filólogos casteláns, teorías que xa vin que se aclimataron moi ben en terras pontevedresas, mesmo como si se tivese borrado o lúcido antecedente do P. Sarmiento. Digo “discutir”, pro non por deporte polémico, que non tería xustificación. Mais ben se trata da necesidade de cambiar puntos de vista e contrastar criterios sobre aqueles problemas que máis vitalmente nos interesan. En Galicia a vida cultural aínda se resinte dos efectos de un isolamento persoal demasiado prolongado e ganará moito con un contaíto “comunicativo” entre todol-os que viven os seus problemas. Pra chegar a certos criterios comúns, que son imprescindíbeles, compre contrastar primeiro os criterios individuás. E no problema da língoa –que para min é o máis fundamental– coido que todol-os esforzos están xustificadas. O ideal sería que un grupo escolleito poidese facer laboura de Seminario con iste problema, analizando, i-estudando con ouxetividade os distintos puntos de vista. En fin, quizais seña ista unha das groriosas aportacións da futura cátedra de “Língoa e Literatura Galaico-portuguesa” baixo a dirección do seu titular Dr. Filgueira Valverde si é verdade que os soños se cumpren.

Unha forte aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

* * *

XII

Compostela, 19-1-55

Benquerido amigo:

Onte entregoume Borobó¹⁶ unha carta co fermoso Nadal (compraceremos ó amigo Cordero Carrete¹⁷) do Museo de Pontevedra e máis co-a súa felicitación de Aninovo.

Moito agradezo ambas cousas, que incluso tiveron que facer arroteio pra chegaren a mín. Pro, ademáis do agradecemento, quérolle tamén espresar os meus sinceros desexos de que iste novo ano tráialle venturanzas e bens a fartar, tanto a vostede coma a todol-os seus.

¹⁶ **Raimundo García Domínguez** (Pontecesures, 1916 – Santiago de Compostela, 2003). Figura xa histórica do xornalismo galego da segunda metade do século XX. Fixo popular o pseudónimo de Borobó na súa serie xornalística “Anacos”, do vespertino compostelán *La Noche* (1946), do que dirixiu as súas prestixiosas páxinas literarias, voceiras do vello e novo galeguismo e das voces universitarias que formaron a “Xeración de *La Noche*”. Escribiu moitos centos de artigos de prensa (en *Arriba*, *Blanco y Negro*, *El Correo Gallego*, *Chan*, *El Imparcial*, *El Socialista*) e tamén comedias, biografías, narracións e guións para cine. Empregou tamén os pseudónimos de J. Sierra, Raimundo Lozano ou o heterónimo Ánxel Novo.

¹⁷ **Felipe Ramón Cordero Carrete** (Redondela, 1904). Odontólogo e Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela. Director da Residencia de Estudantes da mesma Universidade de Santiago e membro da directiva do Seminario de Estudos Galegos, secretario do Instituto P. Sarmiento, cofundador da Editorial dos Bibliófilos Gallegos e colaborador da prensa diaria e da especializada. Nesta última, nos *Cadernos de Estudios Galegos*, publicou numerosos traballos.

Fai dias, tiven ocasión de ler o “Portal” que Sánchez Cantón escribiu pra o libro de traducións de Cabanillas. Abofé que escribe moi ben en galego. Non me convenceron gran cousa, por demasiado “sesudas”, algunhas das opinións que defende, pro encantoume o ben escritas que están. É boa pena que non escriba máis en galego, inda que tivese, ó facelo, que desmentir os seus propios prexuízos.

Unha aperta moi forte do seu bó amigo

Ramón Piñeiro

* * *

XIII

Compostela, 1-2-55

Sr. D. José Filgueira Valverde
Pontevedra.

Meu querido amigo:

Acaban de me enviar de París ista propaganda da fermosa antoloxía “Rosalía-Pondal-Curros”. Según me comunican, véndena xustamente a precio de coste, razón pola cal non queren valerse dos libbreiros , cuia comisión encarecería o precio de cada exemplar. Por iso me pediron que lles axudara a espallar a propaganda entre os amigos da cultura galega, cousa que fago con moitísimo gusto dado o fin puramente patriótico da editorial.

Si algún amigo seu quixer boleto de pedido, mándollo de contado.

Unha aperta do seu bó amigo

Ramón Piñeiro

* * *

XIV

Compostela, 2-XII-58

Sr. D. José Filgueira Valverde
Pontevedra

Meu querido amigo:

Os amigos Muñoz Suay¹⁸, Canet e Zamorano veñen a Galicia a dispoñer a filmación da “Sonata de Otoño”. Andan á pescuda dun pazo e dalgúns lugares idóneos pra situar as esceas. Tamén percuran algúns informes sobre o ambiente social da Galicia de comezos do XIX. Como lles interesa preferentemente a zona Arousa-Pontevedra, coido que ninguén poderá asesoralos millor que vostede. Teñen, tamén, un gran interés en conocer o Museo.

Agradézolle vivamente que lles preste o seu consello.

¹⁸ **Ricardo Muñoz Suay** (1917—1997). Importante figura da cinematografía española. De orixe valenciana, creou unha Filmoteca na súa cidade natal que leva o seu nome. En 2007 o profesor e crítico de cine Esteve Riambau publica, na editorial Tusquets, a súa biografía titulada *Ricardo Muñoz Suay, una vida en sombra*. Mantivo correspondencia con Ramón Piñeiro durante trinta anos (1950-1980), da que se conservan dezanove cartas na Biblioteca Penzol.

Unha forte aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

* * *

XV

Compostela, 13-V-60

Pontevedra

Meu querido amigo:

Hai uns 15 días viñéronme ver os amigos lugueses que agora están ó fronte do Círculo das Artes e faláronme de que se propoñían levar a cabo unha gran exposición de pintura galega a celebrar en dúas etapas: a primeira, dos consagrados, agora en maio-xuño; a segunda, dos novos, no outono. Dixéronme tamén que no curso desta primeira exposición querían que se pronunciasen tres conferencias e que, como tiñan o ofrecemento do pintor Prego para dar unha, as outras dúas pensaban solicitarllas a Filgueira Valverde e máis a Sánchez Cantón. Tanto a idea da exposición como a dos nomes dos conferenciantes parecéronme moi asisadas e así llelo dixeran. Antonte fun a Lugo levarlles 15 dibuxos de Castelao e máis unha acuarela. A presenza miña puxeron en marcha unha serie de xestións relacionadas coa exposición, entre elas chamalo a vostede por teléfono. Cando o presidente informou ós compañeiros da conversa, quedaron todos abraiados. Doéronse moito e moi sinceramente de que as inxustificables indelicadezas do inspirador e orientador dos cursos viñesen repercutir

negativamente sobre os plans que inspira e orienta o Círculo das Artes. Realmente, nin o Círculo nin Lugo en si mesmo interveñen nises cursos, que foron ideados e son executados de acordo co criterio escrusivo de Otero. Moitos amigos lugueses teñen reparado en que nunca se invita a Otero Pedrayo nin a Filgueira Valverde e varias veces mo teñen dito. Naturalmente, nin os que están ó fronte do Círculo nin a xente en xeneral participan dise criterio. Boa proba delo é que os do Círculo, postos a orgaizar pola súa iniciativa e medios a esposición de pintura galega, na que destacan, con caráiter de homaxe, a Castelao, pensaron mesmamente en Filgueira Valverde pra que inaugurase o ciclo de conferencias. Estando Castelao tan arraizado en Pontevedra, coidaron que ninguén podería representar i evocar mellor a atmósfera espritoal en que a obra de Castelao se foi creando. Pensárono, e non lles falta razón.

Dígolle todo esto porque eu son testigo do sentimento que tiveron ó saber que no seu ánimo había queixas contra Lugo que lle impedían tomar parte nunha empresa cultural na que tanta ilusión, tanto entusiasmo e tanta xenerosidade pon o Círculo das Artes. Tanta, que son merecedores da xenerosidade de cada un de nós.

Tal como levan as cousas, a esposición vai resultar memorábel. Pra moita xente resultará unha verdadeira sorpresa.

Unha aperta cordial do seu amigo.

Ramón Piñeiro

* * *

Cartas a AGUSTÍN SIXTO SECO

“Recoñecerás conmigo que A Rosaleda ven ser para min algo así coma un segundo fogar, no que sempre, sano ou doente, sinto o garimoso conforto da xenerosidade cordial. Alí, coma en moitos lugares de Galicia, síntese o alento do teu espírito animoso...”.

(R. P.)



Acto oficial na Praza do Obradoiro (1987). Xerardo Estévez saúda ao doutor Sixto Seco; con el, Varela Jácome, Ramón Piñeiro e Carro Otero.

I

Compostela, 2-XI-75

Benquerido Agustín:

Cando pedín a conta do Sanatorio, atopeime coa sorpresa de que estaba cancelada con unha tarxeta tua e outra do Xerardo¹⁹. Como podes imaxinar, ese xesto de fraternidade cordial conmoveume fondamente. A Xerardo tiveron a ocasión de lle dar unha aperta de gratitude. A ti, mentres non te vexa, quérocha dar con estas liñas.

Recibe, xa que logo, unha aperta moi forte de Ramón.

Recibín tamén o programa firmado dos actos de Rianxo, que che agradezo e que o conservo coas miñas cousas.

Da tua boa fe ninguén pode dudar, e moito menos os que te coñecemos. Personalmente, eu non era partidario dese homenaxe e por eso non fun. A razón é moi sinxela: eu coñecía e tratei personalmente a Castelao e estou convencido, sinceramente convencido, que el non aceptaría ese homenaxe. Por eso non fun, por respecto á memoria que eu teño del. Pero sei moi ben, sin a menor dúbida, que o teu interese en levar adiante o homenaxe naceu dunha devoción a Castelao tan grande e tan sincera como a miña.

¹⁹ O doutor **Xerardo Fernández Albor** (Santiago de Compostela, 1917). Eurodiputado do Partido Popular, Profesor da Cátedra de Cirurxía da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela, parlamentario galego e Presidente da Xunta de Galicia durante o período 1982 – 1985.

Por eso a comprendo e a respeito no orden persoal. E estou seguro de que a comprenden todos os amigos.

Ramón

* * *

II

12-VII-81

Querido Agostiño:

Calculei que de regreso da vosa viaxe post-boda iríades directamente a Vilagarcía para descansar, pero como nós marchamos hoxe a Castropol mañá non te poderei ver para comentáremos os acontecementos. Por eso che poño estas liñas.

Como tiñamos previsto, a primeira parte da operación desenvolveuse normalmente, inda que con moito rebumbio. Hoxe aprobará o Comité Nacional do P.S.O.E galego as suas listas oficiais e coido que non haberá novidades.

No tocante ao P.G. semella posible que o Paco vaia na lista por Pontevedra.

Os de U.C.D., en cambio, teñen moitos problemas internos. O Meilán²⁰, un tanto desesperado, xoga a atrancar

²⁰ **José Luis Meilán Gil** (A Coruña, 1933). Doutor en Dereito pola Universidade de Madrid e Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela. Membro da Academia Galega de Lexislación e Xurisprudencia. Desenvolveu unha longa actividade profesional a través da publicación de estudos especializados, da participación en congresos e da colaboración en organismos

calquera tentativa de encauzamento normal. O martes reúnense e xa veremos como saen. En todo caso, este Partido leva un calendario mais lento para a elaboración das listas, que as farán en Agosto. Desde logo, o Mariño²¹, que é lugués, ten un posto na candidatura de Lugo.

Tamén te quero informar da conversa co amigo de Meis. Foi estrictamente persoal e reservada. O que realmente quería era convencerme dos inconvenientes da miña participación nas eleccións. Eu expliqueille con toda sinceridade as razóns morais que eu tiña para participar nesta ocasión. Comprendeulle e respetou a miña actitude.

Si por algún motivo tiveras que te comunicar comigo, chámame por teléfono facilmente. O número da Central de Teléfonos de Castropol é 985-630850, e pídeslle o número 25, que [é] o da casa de Fermín.

Unha grande aperta.

Ramón

* * *

xurídicos. Foi tamén catedrático e Reitor da Universidade da Coruña. Ocupou postos públicos de relevo na etapa franquista. Fundador do Partido Gallego Independiente (1977), foi deputado electo pola U.C.D.

²¹ **Marino Dónega Rozas** (Huelva, 1981 – A Coruña, 2001). Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Exerceu como avogado na Coruña. Presidiu a Mocidade Galeguista coruñesa nos anos trinta e logo fixo campaña pro-Estatuto en 1936. Antólogo de Castelao, Cabanillas e López Cuevillas. Cofundador de Galaxia e membro do Consello de Redacción de *Grial*. Colaborou en *Grial*, *Resol*, *A Nosa Terra* ou *Guieiro*. Membro da Real Academia Galega e da Fundación Penzol. En 1994 publicou *A memoria e os amigos*.

III

30-IX-88

Benquerido Agustín²²:

Recibín a tua mensaxe informándome da decisión conxunta de renunciar aos honorarios do meu operatorio. Ben podes imaxinar que a miña sorpresa foi tan grande como a emoción que sentín ante mostra tan patente de xenerosidade cordial.

Esa solidariedade humana baseada na renuncia dos intereses propios ten unha dimensión moral que só coa gratitude se pode medir. E eu, queridos amigos, agradezo de todo corazón tan amistoso xesto. E desas cousas que lle dan nobreza á vida e que nunca se poden esquecer.

A miña recuperación vai indo paso a paso. Non sei si lle terás ouvido contar a Otero Pedrayo que unha vez encontrouse con un vello de Trasalba no souto e díxolle: “¡Hola, señor Venancio, vexo que está moi ben!”. E o bó do vello respondeulle: “¡Mira, don Ramón, eu queixar non lle me queixo, pero ter xa teño 70 testigos contra min”.

Eu teño 3 máis ca o sabio petrucio trasalbés, pero procuro que non me fagas demasiada sombra para seguir camiñando.

²² Na cabeceira da carta o propio Doutor Sixto Seco deixou constancia dos médicos que participaron na operación: Carlos Leira, Joaquín Potel, Rosa M^a Reyes, Fernando Salceda e Estrella Vázquez.

Xunto coa miña gratitude máis fonda, unha forte e cordial aperta para todos. Para ti a aperta fraterna de sempre.

Ramón Piñeiro

* * *

IV

22-V-89

Benquerido Agustín:

Recoñecerás connigo que A Rosaleda ven ser para min algo así coma un segundo fogar, no que sempre, sano ou doente, sinto o garimoso conforto da xenerosidade cordial. Alí, coma en moitos lugares de Galicia, síntese o alento do teu espírito animoso infundindo confianza nos valores da vida e nos ideais do espírito.

Como lembranza sinxela da miña gratitude quero que che fagan compañía a edición facsímil da “Ilustración Gallega e Asturiana”, que dirixiu Murguía e que de certo lería con interés Rosalía, e máis esa enciclopedia temática de Galicia desde a perspectiva actual.

Unha aperta forte para ti, para Fina e para todos vosos

Ramón

* * *

V

27-VII-89

Benquerido Agustín:

Non tiña coñecemento dese panfleto, pero o que sí che podo decir é que foi burda torpeza espallalo entre xente que te coñece ben. Ademáis, o vello principio leninista “difama que algo queda” xa non ten eficacia por demasiado coñecido. Cantos leron esas acusacións é ben seguro que reaccionaron con desdén, porque hoxe en día o insulto falaz non vale como argumento.

Unha forte aperta de

Ramón

* * *

Cartas a GABRIEL CELAYA

“En los días –lejanos ya, pese a la proximidad cronológica– de mi residencia en tierras complutenses me llegó a las manos un ejemplar de “Tentativas” y, en su primera página, unas líneas manuscritas ofreciéndome la amistad del autor. Un nuevo libro y un amigo nuevo me llegaron juntos a través de muros y de hierros, que eran barreras inútiles ante el poder comunicativo de la cordialidad del hombre.”

(R. P.)



I

Lugo, 18-I-1950

Mi querido amigo:

Recibí tu carta y, días después, tu libro “Lázaro calla”. No sabía de su prohibición. Estamos ya tan acostumbrados a tales cosas que uno no se sorprende de nada, ni siquiera de hechos tan indignantes como ese, que resulta hiriente no sólo por su alcance concreto sino también por la angostura espiritual que denota. En fin, como vives con los ojos bien abiertos y lúcidos para comprender la cosas creo que tendrás el ánimo preparado a tales contratiempos.

Leí el libro con verdadero interés y creciente complacencia, pues está escrito con la prosa rigurosa y brillante que tanta impresión me hizo cuando leí “Tentativas”. En esta breve obra consigues dar una expresión plena y palpitante a una especie de nihilismo metafórico. La empresa no es nada fácil y por ello constituye una prueba definitiva de talento literario. Al menos así me lo parece a mí, pues de lo contrario no te lo diría. Y es que no me parece posible mayor empeño literario que la “descripción” de la nada.

Mi sincera felicitación por el libro y mi cordial gratitud por habérmelo enviado, querido amigo.

Un abrazo de

Ramón Piñeiro

* * *

II

Compostela, 16-I-1956

A Amparito Gastón y Gabriel Celaya

Donostia

Mis buenos y admirados amigos:

Hace días me enviaron de Lugo vuestro “Coser y Cantar”, portador de una cordial felicitación para el 56. Mucho os agradezco ambas cosas. Y correspondo de todo corazón a vuestros buenos deseos.

“Coser y Cantar” me impresionó vivamente por su clara sencillez, por su clara frescura, por su clara espontaneidad. Tiene la limpidez y la gracia de un trino matinal en primavera. Muy bien, queridos poetas. Que siga vuestro canto.

Mi gratitud y mi felicitación sincera por vuestro libro, mis mejores deseos para el 56 y un abrazo muy fuerte de

Ramón Piñeiro

Gelmírez, 15

Santiago de Compostela

* * *

III

Lugo, 19-II-1959

Mi querido amigo:

En los días –lejanos ya, pese a la proximidad cronológica– de mi residencia en tierras complutenses me llegó a las manos un ejemplar de “Tentativas” y, en su primera página, unas líneas manuscritas ofreciéndome la amistad del autor. Un nuevo libro y un amigo nuevo me llegaron juntos a través de muros y de hierros, que eran barreras inútiles ante el poder comunicativo de la cordialidad del hombre. Leí con cierto asombro el libro, pues reflejaba una potencia literaria realmente sorprendente y casi deslumbrante, renunciando momentáneamente al contacto con el amigo en espera de que el tiempo facilitase la reunión. Hoy siento honda alegría de poder hacerlo, gracias a la mediación del Manuel María, pues se trata de una amistad que, por origen despierta en mi memoria un eco sentimental imborrable y tú ya sabes que la nota sentimental es la esencia de lo galaico. Ya comprendo que esta peculiaridad nuestra no está dentro de la esfera de tus preferencias, siempre orientadas más bien hacia la estimación de la voluntad y de ímpetu, pero eso no te impedirá de percibir la profunda fuerza que en nuestro ánimo adquirieron los recuerdos emotivos. Todo esto lo digo tan solo para explicar mi honda alegría de hoy al poder tender la mano al amigo ya que tan cordialmente llegó a mi lado cuando yo estaba “en tierra de moros”.

Fui sabiendo, por unos y por otros, de tus actividades literarias posteriores a "Tentativas". Lo malo es la estúpida apatía del ambiente, que pocas veces había sido tan completa. En fin, día llegará en que se disipe este sopor y las cosas recobren su verdadero valor ante los ojos de la gente.

Bueno, amigo, mío, espero saber de ti y te abraza

R. Piñeiro

Ramón Piñeiro, B. Roque 48- 2º- Lugo

* * *

IV

Compostela, 14-X-1959

Sr. D. Gabriel Celaya

Madrid

Querido poeta:

Hace ya algún tiempo que llegó a mis manos la gratísima sorpresa de tu nuevo libro "Cantata en Aleixandre". Hube de retrasar su lectura obligado por ocupaciones y preocupaciones perentorias, no vinculadas por cierto con el nebuloso y sutil reino de la saudade. A ese reino me reintegró la lectura del libro, cuyo palpitar poético viene de zonas muy hondas y muy cercanas a aquellas en que la saudade mora. Tanto la vaga melancolía íntima del poeta como la poderosa y ciega fuerza, a la vez creadora y aniquilante, de las madres primeras traducen la experiencia de

los límites humanos, esos límites inexorables como la fatalidad, dentro de los cuales hemos de debatirnos sin cesar entre la rebeldía y la impotencia.

Leí con verdadero goce tu libro. Te agradezco muy sinceramente su envío así como la cordial dedicatoria.

Dispón de mi amistad. Un abrazo

Ramón Piñeiro

* * *

Cartas a MIGUEL C. VIDAL

“Mándolle un feixe de poemas galegos inéditos, moitos diles de poetas novos ou aínda non conocidos. Tamén lle vai un de Méndez Ferrín, polo que vostede amos-trara interés. Naturalmente, pra que dispoña diles como queira.

Polos xornás e máis polo mesmo Segura estará ó tanto da exposición de pintura galega nova que, orgaizada por “O GALO”, se celebra istes días no Hostal, por certo con moito éisito.”

(R. P.)



No Colexio Maior Fonseca, nun acto de imposición de becas. Santiago, 1985. Sixto Seco e Ramón Piñeiro.

I

Compostela, 20-IV-60

Sr. D. Miguel C. Vidal
Ferrol

Meu estimado amigo:

Hai xa varios dias que reciben o exemplar do número de ATURUXO adicado a Luis Pimentel. Trátase, por certo, dun fermoso número. Quérolles transmitir a miña máis cordial noraboa. Foi, de certo, o máis sinxelo e fermoso xeito de honrar ó gran poeta amigo.

Lin con todo interés o seu breve e riguroso estudo. Estou seguro de que o terán necesariamente en conta os futuros e sin duda numerosos intérpretes da poesía pimenteliá. Vostede mesmo seguramente insistirá no tema.

Na medida das miñas modestas posibilidades desexo contribuir ós gastos do número. Hoxe mesmo envíolle por xiro postal 200 pts con ise fin. Pode, si quer, enviarme uns cantos exemplares, que eu espallarei entre xente interesada pola poesía de Pimentel. Non fai falla que me mande moitos. Uns cantos.

Repito a miña noraboa, como amigo e devoto de Pimentel. Con saúdos a todos os amigos de ahí, envíalle unha cordial aperta o seu amigo

Ramón Piñeiro

* * *

II

Compostela, 27-VI-61

Sr. D. Miguel C. Vidal

FERROL

Meu querido amigo:

Enviei exemplares do número 11 de “Aturuxo” a Barcelona, B. Aires e New York, pois compre que a xente que en terras lonxanas se preocupa polas nosas letras conoza esta interesante revista. Aínda penso enviala tamén a México, polo menos ó poeta Florencio M. Delgado Gurriarán²³. Mandeilla tamén a Novoneira e Bernardino Graña –colaboradores do número– e téñolle gardado o seu exemplar a Franco Grande pra cando veña de Africa.

Si ten unha colección completa pódela mandar, contra reembolso, a esta dirección: Fermín Penzol²⁴ –Registro de la Propiedad– CASTROPOL (Asturias)

²³ **Florencio Delgado Gurriarán** (Valdeorras, Ourense, 1903 – Estados Unidos, 1987). Exiliado en México, foi alí cofundador e colaborador das revistas *Saudade* e *Vieiros*. Salienta a súa obra poética, da que son títulos *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963) e *Cantarenas* (1981), xunto con *O soño dun guieiro* (1985). Xuntamente con Plácido Castro e Luis Tobío publicou *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1949).

²⁴ **Fermín Fernández-Penzol Labandera** (Sahagún de Campos, León, 1901 – Santiago de Compostela, 1981). Viviu a nenez en Mondoñedo para pasar logo a Pontevedra, onde fixo o bacharelato. Cursou Dereito na Universidade de Madrid, onde se integrou nun grupo galeguista e reafirmouse nesa liña de pensamento no contacto coas Irmandades e co nacionalismo. Admirador de V. Risco e de A.

Mándolle un feixe de poemas galegos inéditos, moitos diles de poetas novos ou aínda non conocidos. Tamén lle vai un de Méndez Ferrín, polo que vostede amostrara interés. Naturalmente, pra que dispoña diles como queira.

Polos xornás e máis polo mesmo Segura estará ó tanto da exposición de pintura galega nova que, orgaizada por “O GALO”²⁵, se celebra istes días no Hostal, por certo con moito éisito. O domingo trouxeron a coral ourensá “De Ruada”, que foi unha sorprendente revelación pola sua gran calidade. Demostraron gusto, sensibilidade e finura nun grado que non é frecuente nos nosos coros. Mándolle o programa.

Villar Ponte, presidiu en Madrid, nos anos vinte, a Mocidade Céltiga. Despois colaborou con A. Bóveda e nos anos de posguerra contactou co galeguismo na clandestinidade e foi un dos fundadores da Editorial Galaxia en 1950. Vinte anos despois, integrouse no refundado Partido Galeguista. Fixo doazón ao pobo galego do seu patrimonio bibliográfico a través da creación da Fundación Penzol, inaugurada en Vigo en 1963 e dotada de excelentes biblioteca e hemeroteca.

²⁵ A **Agrupación Cultural O Galo** xorde en Santiago de Compostela no ano 1961, froito do pulo asociacionista dos anos sesenta e co inequívoco sinal da reivindicación galeguista. Unha conferencia de Vicente Risco, unha mostra de pintura galega, un concerto da coral De Ruada, de Ourense, e a representación de *As sillas*, de E. Ionesco, foron, no mesmo 1961, actos fundacionais. Por razóns administrativas hai logo un baleiro ata 1964, cando a sociedade ten aprobados os seus Estatutos.

De 1963 é a primeira directiva, presidida por Xosé M^a Castroviejo Bolívar e integrada, ademais, por Carlos Herrero Álvarez, Xusto García Díaz, Antón Santamarina Fernández e Xosé Lois Fontenla. Posteriormente a presidencia ocupárona Óscar Fernández Refoxo, Manuel Velo Gantes, Carlos Almuiña, Fernando Abrales Rois e Ventura Cores Trasmonte. A Asociación chegou aos 982 socios; algúns dos de primeira hora: Salvador García Bodaño, Arcadio López Casanova, Mario Orjales Pita, Alfonso Paz Rodríguez, Manuel Taboada Cid, Carlos Casares e aínda don Ramón Otero Pedrayo. Continúa esta Agrupación en activo, promovendo concertos, recitais poéticos, festivais de folk galego, conferencias, representacións teatrais, mostras de cómic, sesións de cine-clube, exposicións pictóricas, xornadas de Historia, homenaxes, etc. Sempre foron actividades referidas a Galicia, á súa historia, patrimonio e tradición, aos seus artistas e escritores e á súa lingua.

Como quero contribuir á publicación de “Aturuxo”, envío-
lle por correo a miña modesta contribución de cen pesetas,
lamentando non poder axudar máis eficazmente. Polo menos
ten o valor de espresar a miña adhesión o seu esforzo.

Un saúdo cordial do seu bó amigo

Ramón Piñeiro

* * *



Cartas de / a JUAN SAN MARTÍN

“Por favor, dígame de mi parte al Sr. Lecuona que ya hemos conseguido en Roma la aprobación del uso del gallego en la liturgia, pues él me exhortó a que nos esforzásemos en conseguirlo... Una meditada combinación de tenacidad y diplomacia psicológica nos permitió conseguir ese fundamentalísimo derecho para nuestra lengua.”

(R. P.)



Presidencia da Fundación Otero Pedrayo (Trasalba), xuño de 1990: de esquerda a dereita, V. Freixanes, Zulueta de Haz, Fernández del Riego, R. Piñeiro, Filgueira Valverde e Antonio Fraguas.

I

Eibar, 27 de diciembre de 1968.

Sr. D. Ramón Piñeiro López
Gelmírez, 15
Santiago de Compostela

Mi distinguido amigo:

Recibí su envío *A lingoaxe i as língoas*, por el que le agradezco de corazón. He leído con mucho interés su sabio discurso. Espero sirva para despertar muchas conciencias para la causa de su lengua.

Tengo un amigo que se interesa mucho por el estructuralismo aplicado a la lingüística, y que ha hecho algunos trabajos en ése sentido en euskera, en la revista cultural “Jakín”²⁶. El, aunque esté exiliado, sigue las investigaciones en dicha disciplina y prepara un libro. Tiene el trabajo muy adelantado. Dada su especialidad, quizás su amistad le interese; su dirección: José Luis Alvarez 9, Clos St.

²⁶ A revista **Jakin** comeza a editarse en 1956 en Donostia (San Sebastián) e aínda sigue vixente hoxe. Ao principio era unha revista de estudantes, polo que non tiña un enderezo concreto. Trataba temas de ensino e relixiosos. Aínda que naceu no Seminario de Aránzazu, ía dirixida aos estudantes de todos os seminarios e interesábanlles temas como a ciencia, a filosofía, a teoloxía e a fusión entre a cultura e o euskera, polo que se foi especializando en Lingüística e Sociolingüística. Así, en 1964 a revista fixo en Baiona unha xunta de escritores para acordar, redactar e publicar unhas normas de unificación da lingua vasca.

Roch. WATERLOO (Bélgica). Michelena²⁷ le conoce bien. La próxima reunión de la Academia será el día 12 de enero en el Musee Basque de Bayona y espera acudir a la sesión.

Le mando una copia de los acuerdos de Pamplona. Otra copia mandamos a la Real Academia Gallega. Sé por Michelena que marchó usted muy contento de la reunión. Desde luego, no dudo después de leer en su discurso el interés que pone por la lengua gallega.

Un abrazo,

* * *

²⁷ **Koldo Mitxelena Elissalt** (Rentería, 1915—San Sebastián, 1987). Tamén coñecido como Luis Michelena, naceu no seu dunha familia nacionalista polo que xa na súa xuventude se afilia a ELA e ao PNV. En 1937 foi condenado a morte, pero a condena foi conmutada por unha pena de trinta anos; finalmente permaneceu cinco anos no cárcere, que aproveita para comezar os seus estudos universitarios. En 1946 acude ao Café Pidoux para asistir a unha reunión con outros membros da oposición clandestina ao réxime e alí a policía, que andaba tras un membro da CNT, detén varios dos reunidos, entre eles Ramón Piñeiro e Michelena. En 1948 déixano libre, volve a Rentería e matricúlase na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid. En 1954 foi nomeado director técnico do Seminario de Filoloxía Vasca Julio de Urquijo e membro do consello da revista *Egan*. En 1958 ocupou a Cátedra Larramendi de Lingua e Literatura Vascas na Universidade de Salamanca, a primeira desta lingua nunha universidade española, e en 1959 doutorouse en Filosofía e Letras. Imparte clases de Lingüística Vasca Comparada na Universidade da Sorbona, onde comeza unha gran amizade con André Martinet. As súas obras máis significativas foron: *Historia de la literatura vasca* (1960), *Fonética histórica vasca* (1961), *Lenguas y protolenguas* (1963), *Textos arcaicos vascos* (1964) e *Sobre el pasado de la lengua vasca* (1964).

II

Contestación

Compostela, 31-XII-68

Sr. Juan San Martín

Mekolc, 7

Eibar (Guipúzcoa)

Mi distinguido amigo:

Recibí su amable carta del 27 y también el ejemplar dedicado de su “MOGEL”. Muchas gracias por ambas cosas.

Es verdad lo que le dijo Michelena, pues yo vine muy contento y muy esperanzado de la celebración del cincuentenario de la Euskaltzaindía. Creo que puede dar muchos frutos si tenemos tenacidad y tuvo para llevar adelante las iniciativas que en esta coyuntura se nos presentan como posibles. Así se lo hice saber a mis compañeros de la Academia, que comparten plenamente estas esperanzas y la voluntad de hacerlas reales.

Por favor, dígame de mi parte al Sr. Lecuona²⁸ que ya hemos conseguido en Roma la aprobación del uso del gallego en la liturgia, pues él me exhortó a que nos esforzáse-

²⁸ **Manuel Alejandro Lekuona Etxabeguren** (Oyarzun, Guipúzcoa, 1894—San Sebastián, Guipúzcoa, 1987). Sacerdote e profesor de lengua e literatura vasca no Seminario de Victoria na etapa 1916—1936. Debido á Guerra Civil no 1936 é perseguido. En 1941 marcha

mos en conseguirlo. No tuve oportunidad de explicarle aquel día el proceso interno —que fue muy complicado— de este problema, ni de comunicarle la información confidencial que yo tenía sobre su próxima aprobación. Pero ahora quiero comunicarle que ya está conseguido, aunque todavía no se haya hecho pública la noticia. Fue una larga batalla, porque teníamos en contra fuerzas de poderosa influencia. Una meditada combinación de tenacidad y diplomacia psicológica nos permitió conseguir ese fundamentalísimo derecho para nuestra lengua.

También quiero informarles de que por las mismas fechas en que celebrábamos en Pamplona el cincuentenario de la Euskaltzaindia, en el Ministerio de Educación Nacional se celebró una “reunión de cerebros” para tratar de la reforma de la Enseñanza. Asistieron profesores, inspectores centrales, técnicos de la UNESCO —dos, uno francés y otro luxemburgués—, el Director General de Primera Enseñanza —que es gallego— y el Secretario General Técnico del Ministerio de Educación. Uno de los asistentes, amigo y paisano mío, planteó abiertamente el problema del bilingüismo, obligando así a tratar del tema —supongo que por primera vez— en esas reuniones técnicas de “alto nivel” general, y dentro del terreno puramente técnico de la reunión, el problema fue bien acogido y se trató

a Calahorra, onde permanecerá ata 1955. En 1950 noméano académico numerario da Real Academia Vasca (Euskaltzaindia). En 1956 regresa ao País Vasco, onde reside ata 1975. Son anos moi activos xa que o Concilio Vaticano II admite o uso das linguas vernáculas na liturxia polo que é nomeado Director do equipo de tradutores dos Textos Litúrxicos ao euskera. Finalmente en 1967 foi elexido presidente da Euskaltzaindia. Do seu labor como lingüista podemos destacar estudos como *Literatura oral euskérica* (1935), traballos monográficos sobre o convento e a parroquia de Oyarzun e a catedral e a parroquia de Calahorra, así como artigos sobre historia e folclore que aparecen no *Boletín de la Real Sociedad Bascongada de Amigos del País* e en diversas revistas da época. Escribiu a obra de teatro *Eun Duka*, que se publica na revista *Antzerti* (1921) e tamén colaborou como poeta na revista *Egan*.

de él con objetividad y con criterio abierto. Les doy esta información reservada porque creo que confirma nuestras apreciaciones positivas respecto de las posibilidades que tenemos en perspectiva. Si armonizamos bien la diligencia, la tenacidad y el tacto, creo que podremos conseguir un cambio de mentalidad con respecto al problema lingüístico hispánico.

Un cordial abrazo,

Ramón Piñeiro

* * *

**Cartas a FRANCISCO X.
CARRO ROSENDE**



4/3/85. O Consello de Administración do
INETS GALEGO DE INFORMACIÓN na Sé Folial do X. Salazar
(Felix Isaac, que tomou a foto)

I

Compostela, 19-II-1973

Querido Xavier:

Recibín a tua carta. Alégrome que che gustara a edición do teu libro. A min tamén me gustou. E gustoulle tamén ao Virxilio²⁹, pois estiveron il e maila dona un día eiquí na casa e viu o meu exemplar, que lle regalei en vista de que se puxo moi ledo ao ver que quedaban moi ben os seus dibuxos.

Nistes días chegou ás librerías. A min ofrecéronmo na de Porto³⁰, pro a continuación vin que o tiñan tamén en González e nas outras.

²⁹ **Virxilio Fenández Cañedo** (Ourense, 1925). Formouse na Escola de Artes e Oficios de Ourense e expón por primeira vez en 1954 no Liceo ourensán. En 1957 ingresa na *École Nationale Supérieure des Beaux Arts* de París, polo que comeza a pasar grandes tempadas na capital francesa. En 1972 expón por primeira vez en Milán e en 1975 dáse a coñecer en Berlín e mais en Caracas.

³⁰ **Porto** e **González** eran, en 1973, dúas coñecidas librerías da rúa do Vilar, en Santiago de Compostela. Na mesma rúa estaban así mesmo Carballal e Galí, e aínda unha quinta, ben distinta das citadas, pois o seu local era un portal rematado nun cuarto traseiro de onde o libreiro, Eduardo, popular entre estudantes universitarios e profesores adictos á lectura, sacaba con cautela, para os seus clientes máis especiais, as novidades prohibidas pola censura da época, moitas delas procedentes de editoriais de Hispanoamérica. González era a máis importante e mellor provista en textos universitarios. Porto e Galí tiñan o seu propio selo editorial co que saíron obras de Rosalía, A. Ribalta, Pérez Placer, Varela Jácome e outras. Nas décadas dos setenta e oitenta Ramón Piñeiro frecuentou Follas Novas, na rúa Montero Ríos, que dirixía Rafael Silva Costoyas, co que mantivo certa amizade. Carballo Calero publicou no seu selo editorial varios libros (*Teatro Nós*, *A xente da Barreira*, etc.), aínda que era cliente da librería Couceiro, especializada en libros galegos e tamén portugueses e mesmo antigos ata hoxe mesmo, instalada na súa moderna sede da Praza de Cervantes.

O Lorenzo³¹ está en Madrid opositando á cadeira de Filoloxía Románica de Valladolid. Quedou de único opositor, pois unha contrincante que tiña naufragou no terceiro exercicio. Coido que nesta ocasión será catedrático.

Do Carlos non teño novas despois do Nadal. Alguén me dixo que pensaban vir por eiquí agora pronto.

En Económicas están celebrando un ciclo de conferencias en homenaxe a Castelao. Acude moita xente ás conferencias. Tamén os de O Galo organizaron paralelamente outro ciclo sobre o mesmo tema no Mercantil.

E non sei máis novidades de por eiquí.

Saúdos nosos a Ana. Para ti unha forte aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

* * *

³¹ **Ramón Lorenzo Vázquez** (Eirapedriña, Ames, A Coruña, 1939). Doutor en Filoloxía Románica pola Universidade Complutense. Catedrático de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Académico da Real Academia Galega e membro do Instituto P. Sarmiento e do Instituto da Lingua Galega. Ademais de moi numerosas publicacións filolóxicas –das que salienta a edición da *Crónica Troyana* (1982), por poñer un só exemplo–, é director da revista *Dorna* e autor dos poemarios *Isa loita* (1956), Premio Castelao do Centro Galego de Bos Aires, e *O que se foi perdendo* (1959), este último, situado na órbita da Escola da Tebra.

II

Sr. D. Francisco Carro

Maisonnavé, 26

Alicante

Benqueridos Paco e Ana:

O día 31 recibín o voso telegrama e logo lin no “Correo Gallego” o teu artigo “O Ensaio e Ramón Piñeiro”. Xa comprendes que a vosa garimosa felicitación e mais o teu xeneroso artigo conmovéronme moi sinceramente. Graciñas ós dous.

Por aquí estamos nesa fase en que os estudantes e os profesores falan preferentemente de exámenes e, ó mesmo tempo, comezan a chegar grupos de estranxeiros con máquinas fotográficas e mapas. En cambio, a temperie foi froxa. Non tivemos primavera.

O Salvador³² mercou unha casa no campo e están moi ledos arranaxándoa.

Apertas nosas para os dous

Ramón

* * *

³² Referencia ao poeta **Salvador García-Bodaño Zunzunegui** (Teis, Vigo, 1935). Cursou estudos de Dereito nas Universidades de Santiago e Oviedo. Foi un dos fundadores da Agrupación Cultural O Galo. Premiado en diversas ocasión nas Festas Minervais en Santiago de Compostela. Autor dos poemarios *Ao pé de cada hora* (1967) e *Tempo de Compostela* (1979, co que obtivo o Premio da Crítica) e do libro de ensaio *De onte a hoxe* (1993). Académico da Real Academia Galega e membro de numerosas institucións culturais galegas. Colaborador de prensa nas páxinas de *La Noche* e *El Correo Gallego*.

**Cartas de / a XOSÉ M. RODRÍGUEZ
PAMPÍN**

“Coido que a contradicción existencial entre o amor e a morte que envolve aos catro personaxes está moi ben protagonizada por cada un deles e ten a forza trágica que o tema require.”

(R. P.)



Despedida a García-Sabell no aeroporto de Labacolla, Santiago, 1978. R. Piñeiro e Sixto Seco entre outros amigos.

I

CARTA A DON RAMON PIÑEIRO, FALÁNDOLLE DO HUMOR E OUTROS ASUNTOS QUE NOS AQUEIXAN, TAL COMO PODE FACELO UN TEO- LOGO DE OFICIO.

Madrid, 21.2.75

Querido D. Ramón:

Eiquí me ten acougado na silandeira estepa castelá de Canto Blanco, amenazada xa por un Madrí que se bota enriba como un mostro abafante, disposto a parolar con vostede antre as páxinas do seu novo libro. Xa botará de conta que me estou refirindo a “Olladas no futuro”, onde se recollen moitos dos seus traballos publicados nos derradeiros vintecinco anos.

¡Cantos interrogantes e lembranzas me tran dos meus anos mozos, agora que un empeza a desenrolar o papel de home feito e dereito!

Sí, lembranzas daqueles primeiros “Grial” e dos primeiros libros de Galaxia, encoadernados para ir tirando, pero aos que nos apreixábamos cun xeito de vellos loitadores irlandeses, enredados rabiosamente aos seus rosarios, como siños, que, máis alá do seu inmediato siñificado, eran para nós bandeira da nosa concencia e libertade. Lembranzas, sí, dun sentirse nacer, ser e vivir, cando non eran aínda berce habitual, no que agora teñen a sorte de nacer e crecer unha gran parte dos mozos galegos, nin, non digamos xa, un consumo de moda; eran tan soio semente que arrecendía aínda a mans

encallecidas e sudores outonizos, pero que tiñan a frescura dos graos amorosamente escolleitos e mimosamente espallados, moi lonxe da escura ambigüedade da química e mais dos deterxentes.

Foron aquelas páxinas familiarmente asimiladas no repouso das horas de lareira as que agora voltan encoadernadas xa con visos de computadora. ¡Sexan benvidas!

Lémbrome especialmente de cando leín as cartas a Pedro Abuín sobre as tres meneiras de dialogar, —ben comprendo a súa afición ao xénero epistolar, ben— e dous modos de entender a cultura e a dirixida a A. Cunqueiro falándolle dos males de Europa. E, hoxe, emprendo unha nova parolada con vostede, xa que non na Croa de Mourillón, —eso deixarémo-lo para cando teñamos un día de vagar—, sí na chaira de Canto Blanco que tamén ten a súa beleza, para falarmos destes males que, a fe miña, moi pouco se remediaron, chegando incluso a amenazar seriamente a nosa terra.

Eu, D. Ramón, cando empecei a ter contacto con vostede máis nas páxinas que comentamos, aínda andaba coa mágoa que o sentimento da morte de Camus me produxera, e tan soio comparable á que mozos de quintas posteriores sentiron coa morte do Che Guevara. E quede claro que tamén coñecía ó Camus da resistencia, como non dúbido que moitos entusiastas do Che coñecían os seus soños do “home novo”. E dito sexa de paso aínda é posible que o Sartre fora para mín algo así, puro por pipa, o que o Fidel podería ser para os devanditos mozos. Pero bó, estes xa son fíos doutro comadreo; o caso é que, sin sabelo, eu andaba cos que vostede, —decatémonos da arritmia que levábamos os mozos españois daquel entón respecto aos foráneos—, deu en chamar na súa carta a Cunqueiro defensores do “home fronte a planificación universal da cencia”. E por certo que non andaba con xaropes ao reafirmalo: “Quen así non o entenda non entenderá o significado verdadeiro do arte, da literatura e da filosofía do noso tempo

no que ten de máis auténtico e representativo”. Pois según vostede mesmo Europa vivía “... á beira da racionalización final, á beira da escravitude, do sentimento á universalidade abstracta e impersoal das leis da razón, do socialismo espirtual, –non do económico–, ...”.

Verá. Eu tiña xa a miña filosofía caseira nuns papeliños que gardo con moito agarimo, escritos aos meus dazaseis anos, –toda unha primaveira!–, nos que facía unha distinción, abondo fardante, antre civilización, que viñan a ser os sus males racionalizantes, e a cultura, algo así coma todo o contrario. ¡Xúrolle que os gardo coma o millor da miña vida! Pero ...¡xa non daba máis de mín! E vostede veu botarme unha man, a primeira, dende a Croa de Mourillón, o castro onde vostede cavilou todas estas cousas que comentamos.

Mas agora vóulle contar as miñas tentacións e pecadiños. Xa algo máis tarde, coma teólogo de oficio, púxeme en contacto coa Teoloxía da Secularización, tal coma se deu en chamar e aínda se sigue chamando, a que sobretudo na “Ciudade secular” de H. Cox, –que vostede seguramente coñece polo seu grande eco en USA e pola mesma realidade que vostede experimentou persoalmente nas súas xeiras americanas–, acadou a máxima expresión teolóxica do que vostede denominara “aberrante historización da cultura”. (Deixemos aparte as moi positivas aportacións que tal teoloxía trouxo). E si a esto lle engadimos o meu asolagamento na problemática social que pedía a gritos unha tarefa racional e ben disposta, que me foi prendendo tamén nas posibles e tentadoras historizacións, ahí me ten a min devaneando coma unha dorna ceibe pola marea olímpica do trunfalismo maquinezante. Claro, e nono digo coma simple defensa, esto ocurría nas laxes máis racionais da miña conciencia, pois, no seu profundo, escribía contiños de nenos que deixaban de selo por culpa dos chistosos de sempre que os convencían de que nunca, endexamáis, sin apelación, poderían valeirar os mares todi-

ños do mundo enteiro nun buratiño feito na area do se corazón; e coma estes, outros que vostede sabe.

E, ¿quere saber quen me salvou? Pois as nosas alienadas e ñorantes xentiñas, que nada sabían de tais teoloxías nin cousa parecida, pero que poseían o don da vida. E así foi como as longas paroladas cos vellos e a súa sabencia aprendida nas horas de vagar; as lerias vividas cos nenos no adro e por riba das campas dos seus difuntiños que nada tiñan de solitarias; as horas e horas fondas a carón dos enfermos doentes de morte; o silandeiro cavilar e respirar polas corredoiras de Lira; e hastra, —e esto dígollo polo baixiño para que non se enteren os meus compinches do clero “progre”—, os rosarios rezados en galego na Eirexa de Lariño cos veciños do lugar... voltáronme á vida, non tanto no seu intre inmediato, certamente, pero sí no seu posterior frolecer.

Mas si lle parez e mo permite, agora vou cear, logo teremos unha mesa redonda sobre problemas actuais, ¡casi nada!, cun sabio periodista, e como son cumpridor e pouco trasnoitador... ¡Hastra mañán!

Falábamos onte das miñas tentacións de ser entrapelado nos reductores camiños da historización racionalista, precisamente nun proceso de eisixencia ética para responder e “resolver” os males e abusos sociais. O compromiso na responsabilidade do facer histórico a piques estivo de levarme, coma levou e leva a moitos no seu sincero e xeneroso trafegar na problemática galega, ou ben polo camiño que conduz ao desespero trágico da impotencia racional planificadora e práctica, ou polo conformismo despersoalizante que convirte ao militante nun número placenteiro de calquer máquina utópica; e non me estou referindo a ningunha ideoloxía ou grupo político concreto.

Pero velahí que tamén polo mundo adiante, e quen o ña decir, —o home ao fin e ao cabo é home—, reventou esta racio-

nalización aberrante na súa manifestación máis revolucionaria, por un canle inaudito e en certa maneira lóxico: ¡a imaxinación!. Recorde a Marcuse, por exemplo, que casou o incasable, Freud con Marx, por vía da mesma imaxinación, redimindo así, tanto o instinto fatalista da morte no primeiro, coma o determinismo deshumanizante do segundo. Recorde tamén as pancartas que estudantes de todas as latitudes portaban coma bandeira dunha nova revolución: “Imaxinación ao poder”, “Poesía nas aulas”. E recorde tamén as reaccións das distintas políticas... E todo esto contabámolo nosorros estudiantís, eu principalmente cos alumnos dos cursos maiores do Instituto Masculino de A Cruña, donde era profesor de Relixión: era o ano 68 cheo de espranzas e os mociños vibraban como unha vara de mimbre.

Entón tirei do maxín e lembrei a súa carta ao Cunqueiro do ano 51: “Somos donos dun dobre mundo, —escribía vostede—, o mundo real que se nos impón, e o mundo imaxinativo, o mundo da fantasía que nós creamos. (...) Eu estóuche seguro que unha gran Cruzada da Imaxinación sería de moito proveito para a saúde espritoal de Europa”. Pero, é que vostede non se decataba do medo que os ordes establecidos teñen á imaxinación? Sí, sí, dende o West Point hastra a puntiña polar de Siberia pasando por París e Praga. “Festexar, —diría tamén o segundo Cox—, é baixarlle os humos á Historia sin saírse dela”. ¡Tarefa ben comprometida, por certo, e que nada ten que ver cos evasionismos e intimismos ególatras!

Sí, xa sei que vivimos nun mundo no que como decía Brecht falar das rosas é un delito, como un silencio ante os crímenes de cada día. ¿Cómo cantar en terra extraña, preguntaba o salmista? ¿Non nos pasará coma ao protagonista de “Morte en Venecia” de Visconti, que, trasportado pola morna luz e o lene bater das góndolas no paridisíaco ritmo da música de Mahler, ficou atrapado pola peste? E posible... pero hai un xeito distinto de vivir a beleza: o amor militante con-

tra a peste, tomando da polifonía da vida todos os elementos persoalizadores. Mas tampouco esquezamos que “o amor sin humor descoñecería a distancia e, por conseguinte, o respecto e búsqueda infinda do encontro dos seres. O amor sin humor negaría a sorpresa do “outro”, reduciría ao outro a sí mesmo, estreitaría o mundo. Non crería xa no “increíble”. Non sería máis que posesión, e, por conseguinte, soedade”. Así nolo conta un teólogo francés chamado G. Besière, e mágoa que non sexa máis coñecido.

Camus, o noso Camus, recordo que decía en “A peste”, precisamente, que sin tempo, –amenazado polo andacio–, sin espacio, diríamos, non pode haber amor; certamente, pero de todo o contexto da novela poderíamos sacar tamén a consecuencia que sin amor tampouco pode haber espacio; e sin humor, como nos dí o teólogo, tampouco pode haber amor. ¿Non se lembra da conferencia de Viqueira sobor dos dibuxos de Castelao? Mais voltemos ao fío da nosa conversa...

No plano relixioso, como xa lle dixen, ocurría algo parecido. Os teólogos, bebidos pola cibernética, facían e desfacían para confundir a fe cos plans quinquenais ou as consiñas dos partidos; os sociólogos redactaban partes de defunción da relixiosidade ao compás das subidas das rentas per capita; os entendidos corrían ás vellas artesas para amasar de novo os esquemas comtianos... ¡Aquele era unha festa con música de computadoras! Pero velahí que, de súpeto, un estremecemento xuvenil, –e non de vellas beatas como estaba previsto–, enche dun franciscanismo desafiante o mundo dos astronautas e dos missiles telederixidos; e H. Cox, home sumamente sensible, pasando de notario da teoloxía yanki a animador da relixiosidade californiana, chántanos un novo libro desconcertante coma o se tíduo “A festa dos tolos”. Os sociólogos non saben que facer e non dan a basto falándonos dos milleiros e milleiros de xóvenes que celebran as súas liturxias antre as fro-

les dos parques e nas praderías farturentas. Fantasía e festividade son o fermento dos novos ritos e coma sal: o humor.

Non estaba previsto, non, nin nos manuais sociolóxicos nin nos catecismos máis avanzados. Pero eu voltéi a lembrar as súas cavilacións da terra de Láncara tan perdedoras no mapamundi dos físicos nucleares. Nelas vostede preconizaba o humor como “... a frol máis enxebre, máis auténtica da liberdade espritoal do home: unha forma de enerxía lene e fugaz coma o sorriso, pero máis forte ca mesma realidade”. Mais ¿cántos comprendían a pregunta que, a continuación lle facía ao Cunqueiro? Preguntaba: “Non che parez que o noso deber de europeos debe ser amosarlle a Europa o camiño da liberdade espritoal, o camiño do arte como ideal humán, o camiño do “humor” como sabiduría suprema?”. E posible que moitos dirían: ¡Vaia, por onde nos sai agora o Piñeiro, por unha cunqueirada máis! Menos mal que Celestino F. de la Vega non foi ún deles e legóunos unha das máis importantes aportacións que Galicia ten prestado á cultura universal, no seu claro, e en moitos aspectos definitivo, estudo sobor do humor. O mesmo poderíamos decir desta corrente cultural da que vimos de falar. Todo o contrario.

O humor, pois, como unha das dimensións máis significativas do home galego ten que repercutir en todas as súas manifestacións e, conseguintemente, na relixiosa. Decíallo fai pouco ao noso amigo Andrés, ao darlle a miña opinión encol do se recente libro, tan oportuno e fundamental no seu xénero, “Teoloxía e sociedade”. Nel botéi de menos esta perspectiva do humor, pois o Andrés pode facelo mellor ca ninguén, ao menos por este eidos, e esperamos, polo tanto, que o chegue a facer algún día, ¿non lle parez? Porque quen coma o pobo galego para bañar a súa relixiosidade e teoloxías na salsa humorística, onde, posiblemente, ten atopado a clave da súa subsistencia no seu desdichado camiñar?

“¡Soio crería nun Deus que se prestara a bailar!”, decía Nietzsche; e os nosos paisanos están dacordo cando fan bailar os seus santiños enriba das andas antre foguetes e gaiteiros; e, cando Mateo creba o sorriso de Daniel, seguramente que tamén era movido por “ese espírito que xoga infinitamente, ésto é, sin intención e por plenitude e poder sobreabundantes con todo o que hastra agora se decía santo, bó, intolerable, divino...”, como tamén deixou sulinado o filósofo dos mestos bigotes.

Vostede xa sabe as cousas que se dixeron e dín de Xesús de Nazaret; dende o “universal concreto” do Sr Hegel, hastra o revolucionario das montañas nevadas ou do barrio marxinado; todos dalgunha maneira poñémoslle o noso rostro preferido. A mín, coma a Castelao e os vellos canteiros galegos, resúltame especialmente simpático o velo picariño no colo da nai; impáctame fondamente ese rostro, —que tamén vimos no Cristo da Capela de S. Antolín de Toques nunha quente tarde de vran, ¿non se lembra?—, ese rostro, decía, de infancia atrapada nas crúas trapelas da prepotente Historia, ese mirar desconcertado e desconcertante, tremendo interrogante da vida.

Non, non é ningunha comedia frívola o comparar a Cristo cun arlequín coma fixo Cox. O arlequín é o blanco das burlas, dos medos e inseguridades, certamente, pero tamén é moito máis: é o sempre vulnerable, mas nunca vencido polos poderes asoballantes de todo tipo; é o antítesis de todos os “Grandes Inquisidores”, que na Historia, e moi xenerosamente sin dúbida, créron e crén ter a clave casi metafísica da felicidade dos homes, baixo o seu direxentismo dictatorial. E hai sempre tantas desculpas para tais dictaduras... e ¡como engaiolan algunhas! Por eso, e que me leve Xucas si no é certo, a mí me gustan tanto os arlequís de Picasso, coa cabeza ladeada, como desprendida de toda mala intención, e co brazo lixeiramente ergueito, coma esquecido de toda lei da

gravidade, –“o espírito de pesadez”, como diría tamén o filósofo dos bigotes–.

Por suposto que a imaxe de Xesús, coma calquer outra, non pode ser desvirtuada na súa complexidade por dimensións unilaterais, claro que non, mais, sin perder a rica complexidade de fondo, tamén é lícito resaltar os seus aspectos máis notorios; e a mín gústame velo e sentilo antre os paia-sos, abrindo camiños a todas as espranzas, porque o humor é o camiño de toda trascendencia incluso relixiosa, como seña-la outro american de volta, o sociólogo P. Berger; é “un guiño da trascendencia”, dí, cicáis o máis importante, revelador e persoalizante.

Nunha loita social e comprometida coa xusticia, as ideolo-xías mediadoras xogan unha necesaria función, e así como a sua ausencia podería facer impotente e irracional calquer tarefa, o seu arribismo pode convertilas en novos Moloh tra-gadores de cabezas. Castelao sabíao ben, e vostede poderá recordar aquel outro dibuxo, no que se ve un vello labrego axionllado cunha mans coma mundos doridos en oración ante un cruceiro calquera de calisquera encrucillada da nosa terra. “¡Non me fan xusticia, Señor!” é a súa exclamación. Nin tan siquiera pide, cicáis por un inconscente medo a un fariseismo ambiguo; nin tampouco reclama nada, cicáis porque a el tam-pouco lle quedan moitos azos para dar. Pero ¿qué diferencia hai antre o vello e o Cristo do cruceiro? ¡Ningunha! Hai unha amorosa comunión de actitudes, humoristicamente intencio-nada polo seu autor, que parecen traspasar o ceo aberto; o que, coa mesma ausencia de pretensións, aínda relixiosas, fai do dibuxo unha peza xenial na que o amor e humor redimen a traxedia para convertila en voceiro de vida e espranza.

Eu comprendo o peligro de “Gosspell” e “Xesucristo Superstar”, nos que facilmente se poden confundir as posi-bles, ou reais, mutilacións sociais do verdadeiro Evanxelio, que pretenden presentar, coa súa festividade, humor e fan-

tasía. Entón caeríamos no de sempre: condear unha cousa coa outra. Por eso a min gustárame escribir unha peciña na que un paiazo, partisán de calquer xusticieira resistencia, sendo pillado pola poli de turno, fose levado ao paredón. E, cando lle estivesen xa apuntando para disparar, o paiazo erguendo a man, –supoñendo que a tivese ceibe, esto sería un aspecto técnico a estudar–, diría ante a sorpresa de todos: “Un momentíño, por favor!” Logo achegándose ao oficial do pelotón quitaríalle amigablemente unha inoportuna palliña da repolida guerreira moi locinte e condecorada. Voltaría para o seu sitio, e, arrepañando forzas do imposible, voltaría a esbozar un sorriso para rematar decindo: “Xa poden disparar!” ¡Ai, sería tan pouco orixinal esta peza! Mais non está precisamente nesta ausencia de orixinalidade a forza vital da nosa humanidade?

Moitas máis cousas, D. Ramón, me lembran e suxiren as páxinas de “Olladas no futuro”; páxinas enfiadas por unha incondicional entrega á Galicia e ás súas tarefas; páxinas que foron e serán, fachos decisivos na nosa identificación con ela e que esta nova plataforma fará alumear con máis vigor e espacio.

E, cando xa o sol brillante de Castela se vai acochando medio cinchado polos rascaceos do lonxano Madrí, deixando un mantelo de luz vivísima pero inlocalizable sobor da terra parda de Canto Blanco, nesta segunda tarde de lería con vostede, vóltome a lembrar da súa pelerinaxe polo castro lugués con Hölderlin no peto. Algún día terame que deixar esas traducións do Cunqueiro para beber un groliño. Hoxe e nesta conversa, non podo esquecer uns versos seus lidos xa non sei en que tradución, fai anos abondo, cicáis tamén nunha xeira de placenteiro vagar. Recordareillos tal como me sain do maxín, posiblemente algo cambeados pero coido que fiéis ao espírito do se autor:

¡Non vos riades
do neno, que ensimismado,
monta o seu cabalo de cartón!

Son fermosa e expresiva rúbrica para a clarividente chamada que un día de vagar ceibóu un home galego dende A Croa de Mourillón.

Cunha forte aperta

P/D. Non fai falla que me conteste agora. Xa o fará cando me vexa convertido nun obispo con sombreiro de palla e un bidueiro de bastón. Mentres, que vaia chovendo...

* * *

II

Compostela, 4-VII-78

Benquerido Pampín:

Ao cabo –¡non é sin tempo!– tiven vagar para ler o teu “Alcestes”. Esta tarde lino todo de seguido. De veras me gustou. Coido que a contradicción existencial entre o amor e a morte que envolve aos catro personaxes está moi ben protagonizada por cada un deles e ten a forza trágica que o tema require. O diálogo é sempre vivo e vai reflexando moi ben a tensión íntima e cada un deles e a tensión antagónica entre eles, que en realidade vaise facendo máis e máis complexa segundo imos avanzando no decorrer da lectura.


Moi ben, Xosé Manuel. Ben se ve que sabes chegar ao miolo da sustancia teatral. Claro que eu non sei valorar a

“representabilidade” da obra, que é esencial, claro; pero, xuzgándoa como lector, eu acho que ten vida e forza trágica.

Unha forte aperta e cordial aperta do teu amigo

Ramón

Referencia de destinatarios



Os "sete mercenarios"—escribe Sixto Seco— en Trasalba, setembro de 1988. Pola esquerda: Alonso Montero, Carlos Casares, Alfredo Conde, García-Sabell, Luis G. Tosar, Ramón Lorenzo e Ramón Piñeiro.

De **Xosé Fernando Filgueira Valverde** (Pontevedra, 1906—1996) non faremos aquí, por sobradamente coñecidas vida e obra, senón un mínimo apunte para lembrar a súa polifacética dimensión de Catedrático de Ensino Medio, Doutor en Filosofía e Letras pola Universidade de Madrid, Alcalde de Pontevedra, Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, Director do Museo Provincial de Pontevedra e do Instituto P. Sarmiento de Estudos Galegos, Presidente do Consello da Cultura Galega, cofundador do Seminario de Estudos Galegos, e conxuntamente, articulista de prensa, estudoso e ensaísta da ampla temática das Humanidades, poeta e narrador, antólogo, investigador, polígrafo en definitiva e autor de centos de traballos que van dende a sinxela colaboración de prensa ata o exhaustivo estudo especializado.

Para a xeira da súa vida e a análise da súa obra remiti-mos ao recente e completísimo traballo de autoría colectiva *Xosé Filgueira Valverde (1906—1996) un século de Galicia* (Pontevedra, 2007), auspiciado polo Museo Provincial de Pontevedra e outras institucións culturais, académicas e administrativas. O libro é o catálogo, que, xunto coa exposición e o simposio, conmemoran o centenario do nacemento do ilustre pontevedrés.

Agustín Sixto Seco (Mugardos, A Coruña, 1926 – Santiago, decembro de 2004) licenciouse en Medicina na Universidade de Santiago e especializouse en Traumatoloxía e Ortopedia. Como médico ocupou cargos de relevo no ámbito galego, español e aínda internacional. Dirixiu durante moitos anos o Instituto Policlínico “La Rosaleda”, de Santiago. Deixou numerosas publicacións da súa especialidade.

Participou moi activamente, dende a súa militancia galeguista, na vida cultural galega, impulsando a creación de entidades que ás veces presidiu ou nas que traballou con dinamismo e entusiasmo. Deixou a súa pegada de organizador activo, temperamental e xeneroso no Padroado Rosalía de Castro, Fundación Otero Pedrayo, Museo do Pobo Galego, Instituto Galego de Información, Consello da Cultura Galega, Editorial Galaxia, Editorial S.E.P.T. ou Centro Ramón Piñeiro.

Na defensa de Galicia, dos seus valores e cultura, traballou ao carón de Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, García Sabell, Filgueira Valverde, Fernández del Riego e outros ilustres galeguistas.

Gabriel Celaya. O escritor vasco Rafael Múgica (1911—1991) utilizou os heterónimos de Juan de Leceta e, sobre todo, Gabriel Celaya. Autor de obras teatrais, novelas ou estudos literarios, salientou ante todo como poeta e, nese ámbito, percorreu moitos e moi diverxentes camiños que foron do surrealismo á poesía social-realista comprometida no social e político, pasando polo existencialismo. *Tranquilamente hablando* (1947), *Las cosas como son* (1949), *Lo demás es silencio* (1952), *Cantos iberos* (1955), *De claro en claro* (1956), *Cantata en Aleixandre* (1959), *El corazón en su sitio* (1959), *Rapsodia euskera* (1961), *Baladas y decires vascos* (1965), *Los espejos transparentes* (1968) ou *Campos semánticos* (1971) son algúns dos seus máis memorables poemarios.

Miguel Carlos Vidal Vázquez (Ferrol, 1929). Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e avogado en exercicio. Dirixiu a revista *Bazán* da Empresa Nacional Bazán, de Ferrol. Fundou e dirixiu —a carón de Tomás Barros e coa posterior incorporación de Mario Couceiro— a revista *Aturuxo* (Ferrol, 1952-1960) de poesía e crítica. Os seus poemas e páxinas de crí-

tica apareceron nas revistas *Nordés*, *Alba*, *Vida Gallega* e tamén no vespertino *La Noche*, de Santiago, ademais de *Aturuxo*. Tamén colaborou, fóra do ámbito galego, en publicacións poéticas como *Ágora*, *Alfoz*, *Mensaje* e *Poesía Española*.

En 1953 apareceu *Orvallo*, o seu primeiro libro de versos, na luguesa Colección Xistral. Moito despois, en 2002, publicaba *Ayer en que te dices*, segundo e ata agora definitivo libro poético. En *Aturuxo*, nº 10 (13-II-1950), penúltimo da xeira da revista, aparece o seu traballo “En torno a la Poesía de Pimentel” ao que alude Ramón Piñeiro na súa carta, admirador como foi da poesía pimenteliana.

Juan San Martín (Eibar, 1922) é un académico da Lingua Vasca que dedicou a súa vida á investigación histórica. Foi responsable da edición da revista *Egan* (1983-1989), secretario de Euskaltzaindia (1967-1978) e vicepresidente desta mesma institución en 1978, director xeral de Cultura no Consello Xeral do País Vasco (1978) e o primeiro Ararteko (1989). Tamén foi un dos promotores nas campañas de alfabetización e na creación de ikastolas.

É coñecido pola súa faceta de prologuista de numerosos libros de cultura vasca, entre os que se destaca o prólogo feito para o libro *Harri eta Herri* (1964) de Gabriel Aresti. Asimesmo, temos que destacar o seu labor como poeta existencialista, do que deixa constancia en 1998 cando publica *Giro Gori – Tiempo ardiente*, que é unha recompilación de toda a súa obra lírica (1954-1977).

Hoxe en día, San Martín é membro da Sociedade de Estudos Vascos, da Sociedade Aranzadi e membro de honra de Euskal Idazleen Elkartea.

Francisco Xavier Carro Rosende (Santiago de Compostela, 1942) continúa a exercer como catedrático de

Ensino Medio en Alacant, en cuxa Universidade colabora. Licenciado en Filoloxía Románica pola Universidade de Madrid. Como poeta foi distinguido nas Festas Minervais e noutros certames universitarios. Escritor bilingüe, cultiva a narrativa e a lírica, ademais das súas colaboracións en prensa (*Grial*, *La Voz de Galicia*, etc.). En galego, está situado na “nova narrativa” co seu libro de contos *As calexas do zigurath* (1973); posteriormente viu a luz o seu poemario *Paisaxe de verde chuvia* (1986). No eido dos estudos literarios é da súa autoría o libro *A obra literaria de Eduardo Blanco Amor* (1993).

Xosé Manuel Rodríguez Pampín (Melide, A Coruña, 1941—1997). Fixo estudos eclesiásticos en Santiago de Compostela e tamén en Comillas, onde se licenciou en Teoloxía. Exerceu como sacerdote en diferentes parroquias de Galicia e aínda na provincia de Madrid. Foi profesor de Relixión e Ética en Institutos da Estrada, da Coruña e no Eduardo Pondal de Santiago. Comprometido co galeguismo, defendeu o uso do galego na liturxia no seu traballo *Pro e contra da liturxia en galego: historia dunha polémica* (1980). Traduciu asimesmo ao galego numerosas páxinas da Biblia, publicando *A biblia dos nenos* e colaborando tamén na versión galega do *Novo testamento* (1980).

No terreo da literatura dramática a súa fonte de inspiración foron os clásicos da traxedia grega³³, que el aproveitou para dar vida a unha problemática de raíz existencial enraizada no enfrontamento do home co poder. Neste terreo deixou títulos de alto interese como *Creón*, *Creón* (1975), *Ifixenia non quere morrer* (1977) e *Alceste* (1978), todos eles aparecidos nas páxinas da revista *Grial*, e o

³³ Vx. sobre o tema o libro de María José Ragué Arias *Los personajes y temas de la tragedia griega en el teatro gallego contemporáneo*, Sada / A Coruña: do Castro, 1991. Trataron esa temática na nosa literatura Arcadio López Casanova, Manuel María, Xosé Luís Franco Grande, Ánxeles Penas, Máximo F. Queizán ou E. Ablanedo.

segundo reeditado por Editorial Compostela, en 1992, na Colección Biblioteca 114.

Deixou inéditas algunhas pequenas pezas teatrais.

